

PERSONAXES

AS MONXAS

- 1.SOR CONCEPCIÓN..... a superiora
- 2.SOR PIEDADE.....a supervisora das presas
- 3.SOR ADORACIÓN.....a noviza

OS HOMES

- 4.DON MAURO.....o director do cárcere
- 5.DON MÁXIMO.....o médico do cárcere
- 6.DON ESTEBAN.....o mestre do cárcere

AS PRESAS

- 7.TEODOSIA.....a chivata
- 8.FUENSANTA.....a tola
- 9.MONIQUE.....a francesiña
- 10.XULIA e 12. MARI MAR..... as irmás comunistas
- 13.MAGDALENA.....a madame
- 14.A MANCA.....a anarquista
- 15.LOLA.....a xitana
- 16.IRIA.....a embarazada
- 17.AURELIA.....a discreta
- 18.CHARITO.....a puta

O lugar da acción, un cárcere de mulleres, nalgunha provincia interior de España. A época, finais dos 40.

PRIMEIRA PARTE

ESCENA PRIMEIRA (A CHEGADA DA NOVA.)

A “presa nova”, MONIQUE, entra en escena acompañada por SOR PIEDADE. Ten que poñer a roupa do cárcere. Mentres as compañeiras presas na cadea entoan un cántico de forma repetitiva e sen “xúbilo”.

*Cantemos al amor de los amores,
cantemos al Señor:
¡Dios está aquí! ¡Venid adoradores:
adoremos a Cristo Redentor!*

*¡Gloria a Cristo Jesús! Cielos y tierra
benedicid al Señor.
¡Honor y gloria a Ti, Rey de la Gloria,
amor por siempre a Ti, Dios del amor!*

*Unamos nuestra voz a los cantares
del coro celestial:
¡Dios está aquí! Al Dios de los altares
alabemos, con gozo angelical.*

¡Gloria a Cristo...

*Cantemos al Amor de los amores,
cantemos sin cesar:
¡Dios está aquí! ¡Venid adoradores!
Adoremos a Cristo en el altar.*

¡Gloria a Cristo...

Están presentes todas as monxas. SOR CONCEPCIÓN dirixe o proceso con leves acenos. Ao rematar de vestirse soa un asubío, é SOR PIEDADE, que xunto a SOR ADORACIÓN e SOR CONCEPCIÓN marchan “á cociña”. Dá comezo a cea.

ESCENA SEGUNDA (A CEA.)

As presas están a comer: teñen prato e culler. Forman en fila cara ao público e fronte a nova; de esquerda a dereita: AURELIA, MARI MAR, XULIA, IRIA, A MANCA, CHARITO, FUENSANTA, MAGDALENA, LOLA e TEODOSIA.

XULIA.- Que! Non dis nada? Comeuche a lingua o gato?

MARI MAR.- Déixaa, xa falará cando teña gana.

LOLA.- Estás un pouco fraca; mais convenche comer para entrar en calor. Mira que aquí é necesario, que vai moito frío.

IRIA.- Déixaa xa, Lola, que cando entrei aquí eu estiven tres días sen probar bocado.
E iso que eu xa tiña o neno dentro; se non fora por el, eu tampouco comería esta porquería.

CHARITO.- Pois a min gústanme as lentellas porque están quentiñas.

AURELIA.- E non nos faltan ningún día.

XULIA.- Filla, a ti todo che parece ben! Aquí cada día trátannos peor e nós cada vez conformámonos máis. É que non pensamos queixarnos nunca de nada?

AURELIA.- E de que serve queixarse? Mira como acabaches a última vez!

LOLA.- Veña mudiña, come xa todo iso, mira que se non... alguén cho comerá.
(Risas.)

MONIQUE.- Decide o que queirades!... e non son muda! *(Fala con acento francés.)*

A MANCA.- Francesa! Xa dicía eu que tiña pinta de ser moi fina; mirade esas mans que parecen dun meniño.

MAGDALENA.- As francesiñas teñen fama de ser moi ardentes, verdade meu amor? *(Aceno cariñoso a MONIQUE.)*

MONIQUE.- Iso non é verdade, somos normais! Ademais a miña nai era española.

TEODOSIA.- E ti que fas aquí?

MONIQUE.- Todo foi un erro, son inocente! *(Risas.)*

MARI MAR.- Coma todas! Aquí todas somos inocentes!

Entran as Monxas: SOR ADORACIÓN leva cuncas que lles vai entregando ás presas; SOR PIEDADE queda cerca.

FUENSANTA.- Quero leite.

A MANCA.- E a esta que lle pasa agora?

FUENSANTA.- Quero o leite que me prometiches..., de este non, de este non, quero leite branco... Irmá, non ve que me morre o neno de fame! Quero leite! Quero leite! *(Cada vez máis nerviosa, perde o control e ameaza con tirar prato e cubertos.)*

TEODOSIA.- Xa está ben Fuensanta *(Logra evitar que tire todo e intenta calmala. Pero Fuensanta forcexea e separase.)*

FUENSANTA.- Non me toques!..., Non me toques! *(Intervén entón SOR ADORACION, conciliadora e tenra.)* Non me toques ti tampouco!..., Meu filliño!..., queredes que morra coa fame?

SOR PIEDADE.- Xa empezamos! Levádea a súa cela.

Intentan levala entre a SOR ADORACIÓN e TEODOSIA, pero resístese; queda soa, triste, patética, no centro do escenario, protexendo no seu colo ao seu filliño. Cae de xeonllos e suplicalle a SOR PIEDADE.

FUENSANTA.- Irmá, que é para o meu filliño! Irmá, por favor... *(Chora.)*

SOR PIEDADE enfádase e achégase a ela, arríncalle a manta –que non envolve ningún neno- e tíraa ao chan.

SOR PIEDADE.- *(Berra encolerizada.)* Basta xa! Levádea a súa cela!

SOR ADORACIÓN e TEODOSIA, axudan a erguer a FUENSANTA. Ela recupera a manta que volve a abrigar ao seu “meniño” no colo.

FUENSANTA.- Meu filliño! Queredes matar ao meu filliño!

SOR PIEDADE.- (*Fría e cruel.*) Que pase a noite na cela de castigo; xa veredes como se lle pasa tanta tontería.

SOR ADORACIÓN.- Pero Irmá, é que non ve...

SOR PIEDADE.- (*Cortante.*) A cela de castigo!!

Saen SOR ADORACIÓN e TEODOSIA levando a FUENSANTA. O resto queda inmóbil, indignadas as presas, pero paralizadas ante a cruel autoridade de SOR PIEDADE.

ESCENA TERCEIRA

SOR PIEDADE.- Vós que? Xa rematastes a cea? Ou alguén máis quere ir a cela de castigo? (*Todas, agás as que falan, recollen todo.*)

XULIA.- Fuensanta non está ben... Non debería estar aquí e vostede sábeo!

SOR PIEDADE.- Xa falou a defensora das causas perdidas.

MARI MAR.- Cun pouco leite pasaríalle...

SOR PIEDADE.- Abrandouvos Fuensanta, verdade? Seguro que (*A Mari Mar.*) che lembra a alguén da túa familia...

MARI MAR.- (*Dolorida.*) Á miña familia non a nomee!

XULIA.- Falarei co Señor Bispo cando veña!

SOR PIEDADE.- E ti cres que o Señor Bispo te vai escoitar? Precisamente a ti e a túa irmá, que estades aquí por comunistas! Vállame Deus! (*Sae, mostrando indiferenza e menosprezo. XULIA e MARI MAR tras un breve intre, tamén saen.*)

ESCENA CUARTA

Aparecen AURELIA con LOLA, que vai contándolle a MONIQUE a historia de FUENSANTA.

LOLA.- É mellor que a leven. Está tola, a pobriña, matou ao seu fillo.... Asfixiouno coa almofada.... logo, contan que andou paseando con el nos brazos ata que se deron conta de que estaba morto... polo cheiro!!!

MONIQUE sae apresurada xunto con AURELIA; LOLA queda soa; dá un rodeo e enfróntase a CHARITO que acaba de entrar en escena camiño dalgún sitio; LOLA leva un coitelo que seguramente mangou na cociña.

LOLA.- (*Tras un segundo de ameazala co coitelo, cambia a expresión en sorriso: é unha broma. Dálle a volta ao coitelo e ofrécello.*) Toma, garda isto. Na túa cela non van mirar.

CHARITO.- Que eu non o quero! Non sei porque tiveches que collelo!

LOLA.- Gárdao, que para algo nos servirá, digo eu. Veña, gárdao!

CHARITO.- Ti, con tal de roubar...

LOLA.- Ai, filla, o costume.

Saen: primeiro LOLA e logo CHARITO. Espazo baleiro. Pasos, entra SOR PIEDADE, e MAGDALENA que lle sae ao encontro.

ESCENA QUINTA

SOR PIEDADE.- Díxenllo, eu díxenllo: se se volvía poñer así, mandaríaa que a levasen a unha cela de castigo.

MAGDALENA.- Pero ela non entende iso, nin sequera sabe onde está. (*A Monxa pretende marchar.*) Tome, tome (*saca cartos da blusa.*) cómpreme dúas pastillas de xabón, dese que ole ben..., e carmín, que teño os beizos moi secos. Do que sobre, quede coa metade, pero o resto é para comprarlle o leite a Fuensanta.

SOR PIEDADE.- Non sei porque a tes que protexer tanto. (*Sabendo que vai molestar.*) Pensas na túa filla cando a ves?

MAGDALENA.- (*Enfadada, pero conténdose.*) Deixe en paz a miña filla! (*Pausa.*) Irmá, ten vostede un corazón de pedra... Non ve que está tola, pobriña, non o ve?

SOR PIEDADE.- (*Cortando.*) Non fun eu quen a trouxo aquí! (*Inicia a marcha.*)

MAGDALENA.- Espere, Irmá, (*Susurra, actitude agora sumisa.*) espere. Ten que facerme un favor... quero que envíe esta carta ao Señor Bispo da miña parte... É unha carta persoal, non quero que pase polas mans de ninguén... cóllaa! (*A Monxa tarda un segundo pero colle a carta.*)

Nese momento aparece SOR ADORACIÓN, que leva unha manta. MAGDALENA sae. SOR PIEDADE garda a carta baixo o hábito.

ESCENA SEXTA

SOR ADORACIÓN.- Irmá, a quen pensa que vai indultar o Señor Bispo?

SOR PIEDADE.- Déixese de absurdas cavilacións; a quen indulte, ben estará... Non o merece ningunha pero é a tradición.

SOR ADORACIÓN.- Lástima que só sexa unha, se por min fora eu indultaría a...

SOR PIEDADE.- (*Cortando.*) Afortunadamente non depende nin de vostede nin de min. A vostede, que lle importa, irmá?

SOR ADORACIÓN.- Todas son fillas de Deus; todas me importan e importan ao noso Señor. Ademais, a nova parece tan débil, que me parte a alma lembrar como tremía hai un intre.

SOR PIEDADE.- A vostede páteselle a alma cada día unha ducia de veces; ten que tela desfeita...

SOR ADORACIÓN.- Déixeme levarlle esta manta, só esta noite; a min non me fai falta irmá.

SOR PIEDADE.- Esa mosquiña morta, aí onde a ve, axudou ao seu noivo a roubar unha xoiaría. No atraco feriron de morte ao xoieiro. Acaso non era el fillo de Deus?

SOR ADORACIÓN.- Claro, irmá, érao.

SOR PIEDADE.- E os fillos que Magdalena sacou das entrañas das nais para botalos ao río, ¿non eran tamén fillos de Deus?

SOR ADORACIÓN.- Eran, irmá, eran.

SOR PIEDADE.- E o fillo que pariu Fuensanta, para logo afogalo, ¿non era fillo de Deus? ¿E os que morreron polas bombas desa anarquista que temos?

SOR ADORACIÓN.- Xa sei que todas fixeron cousas terribles, pero aínda así...

SOR PIEDADE.- (*Cortando.*) Rece polas súas almas se iso a consola, pero non lles teña lástima!

SOR ADORACIÓN.- Eu sei que no fondo do seu corazón elas queren redimirse, e Deus é misericordioso. Pero, irmá, ¿como eu, unha simple pecadora, vou ser máis severa que Deus que é o único que ten dereito a xulgaros?

SOR PIEDADE.- De Deus..., só se lembran esas para blasfemar!

SOR ADORACIÓN.- Iso non é certo; Charito comulgou o domingo.

SOR PIEDADE.- Comulgar! Con lixivia tería que lavar esa a súa boca antes de comulgar, logo de todo o que terá feito con ela! (*Pausa.*) Sabe que empezou a venderse aos doce anos?

SOR ADORACIÓN.- Cale, por favor, rógolle que cale!

SOR PIEDADE sae segura, convencida e satisfeita de poñer no sitio á inxenua de SOR ADORACIÓN que, logo dun instante tamén abandona a escena. MÚSICA e cambio de escenario.

ESCENA SÉTIMA (A NOITE.)

As presas, só oito, déitanse sobre os somiers formando dous grupos simétricos de catro separados por un corredor. Ao fondo do corredor, sentados, fronte a fronte, DON MAURO e SOR CONCEPCIÓN. O resto das presas –Fuensanta e Aurelia– permanece aniñadas nos laterais xunto aos somieres, menos TEODOSIA que colocada tras DON MAURO mantén no alto, collida coas súas mans e tapando a súa cara, unha foto do dictador Francisco Franco. Estamos no despacho do Director.

SOR CONCEPCIÓN.- Se me permite unha observación, creo que esa muller non tería que estar aquí.

DON MAURO.- (*Masaxéase as sens.*) Como di?

SOR CONCEPCIÓN.- Fuensanta. non tería que estar aquí. É unha enferma mental.

DON MAURO.- Xa sei. Escribín ao ministerio, pero a sentenza é firme. Ninguén lle fixo un recoñecemento psiquiátrico; o seu avogado non alegou nada... Eu non podo facer nada, madre. Só pedirilles que lle dean un vaso de leite. ¿Tan difícil é? Por Deus, ¿tan difícil é?

SOR CONCEPCIÓN.- Non temos, non temos Don Mauro!... Non temos leite; o leiteiro di que nos demoramos moito en pagarlle e que el con abastecer ao hospital ten bastante. Xa llo puxen no informe de onte!... (*Don Mauro móstrase inquieto, nervioso, parece doerlle moito a cabeza*) Que lle pasa?

DON MAURO.- Vaime estoupar a cabeza! Non podo soportalo!

SOR CONCEPCIÓN.- Vaia durmir, necesita descansar...

DON MAURO.- E perder o mellor momento do día... Non sabe vostede como é a vivenda que nos dan, (*Pausa*) e mais estando só... Aquí, alomenos vai un pouco

menos frío e podo oír a radio... Non bota de menos o olor a mar, a humidade, porque a vostede pásalle o que a min... Non é de terra a dentro!

SOR CONCEPCIÓN.- Pasaron xa tantos anos, que xa non sei como ole o mar...

DON MAURO.- Iso non se esquece; este frío seco é o que a min me mata, golpéame por dentro.

SOR CONCEPCIÓN.- Pedirei que lle traian algo quente.

DON MAURO.- Espere, espere, encontrei isto (*Saca o que parece unha carta da carpeta onde garda os informes.*) Non puiden evitar lelo... Sorprendeume!

SOR CONCEPCIÓN.- Cale e devólvamo, por favor, rógollo (*Don Mauro dálle o papel. Sor Concepción cólleo coma un ben moi querido.*)

DON MAURO.- Ruborízase?!

SOR CONCEPCIÓN.- Nunca foi a miña intención que vostede lera isto. Debín esquecelo entre as follas do informe.

DON MAURO.- Como pode escribir poesía aquí dentro? Con este frío, con ese muro no horizonte que nos protexe do exterior, (*Dubida.*) ou ao exterior o protexe de nós... non sei. Dígame unha cousa, por que está vostede aquí, Sor Concepción?

SOR CONCEPCIÓN.- Síntoo, teño que marchar, é tarde e coa visita da súa Ilustrísima.... Vaia descansar, Don Mauro, e tome algo para esa dor de cabeza. Falarei con Don Máximo para que o vexa a vostede mañá!

Asubío; varios toques. Mentres SOR CONCEPCIÓN sae, as presas érguense recollendo os leitos, saíndo fóra do espazo-escena. DON MAURO queda, preparándose para a visita e conversa con DON MÁXIMO, o médico, que entra cando o espazo-escena está baleiro.

ESCENA OITAVA

DON MÁXIMO, o médico, un home de aspecto serio, ausculta a DON MAURO, que está sentado.

DON MÁXIMO.- Respire profundamente....solte o aire pouco a pouco.

DON MAURO obedece.

DON MÁXIMO.- Conviña que se achegase ao hospital provincial para unha análise, e que o Doutor Luengo o examine. A min xa non se me ocorre nada para curarlle esa migraña. De calquera xeito, probe a aumentar a dose.

DON MAURO.- Non se preocupe, de sobra sei eu por que me doe a cabeza.

DON MÁXIMO.- Sabe algo da súa muller.

DON MAURO.- Escribume desde Irún... Está alí coa súa familia.

DON MÁXIMO.- E díxolle cando pensa volver?

DON MAURO.- Desde o primeiro día dixo que este non era sitio para criar ao noso fillo... Eu fixen todo o posible para que se sentise cómoda: comprei mobles novos, unha radio, invitei ao alcalde e a súa muller, invitei a toda a xente importante do pobo... Pero ela, nada! Había días que non saía da cama. Dicía que o frío deste sitio se lle metía nos osos. Unha das reclusas, recomendada por

Sor Concepción, viña axudala coa casa, pero a ela dáballe medo... Non sei que pensaba que lle podía facer aquela desgraciada... Nunca encaixou aquí!

DON MÁXIMO.- Ninguén encaixa aquí.

DON MAURO.- Díxome ao irse que só serían uns meses, que volvería cando comezara o bo tempo... Pero cando subiu ao coche, miroume coma se... Vostede pensará que é unha parvada pero, lembreime do meu pai: era mariñeiro. Lembrei a derradeira vez que o vin embarcar; vinlle botar esa ollada ao que deixaba tras súa: a miña nai, a min que o despedía desde o peirao... Non volveu, e eu sabíao, sabíao cando me decatei como nos miraba desde o barco... Así me mirou ela, coma se non pensara volver. Xa ve! Chegou o bo tempo, e nada.... Xa está aquí o frío de novo!

DON MÁXIMO.- Vamos Mauro.

DON MAURO.- Vino nos seus ollos!

DON MÁXIMO.- Iso son aprensións, xa verá como o día menos pensado se presentan aquí os dous, ela e o neno, os dous... Non hai que perder a esperanza.

DON MAURO.- E ese vento que non deixa de soprar!

DON MÁXIMO.- Que vento?

DON MAURO.- Non oe, quizais xa se acostumou; eu non podo.

DON MÁXIMO.- Mauro, quería falarlle dunha das reclusas: a nova.

DON MAURO.- A francesa.

DON MÁXIMO.- Si, unha rapaza moi guapa. Preocúpame.

DON MAURO.- Que lle pasa?

DON MÁXIMO.- Verá, está moi débil e leva catro días sen probar bocado.

DON MAURO.- Seino, a superiora xa mo dixo. É normal, ao principio cústalles.; é normal.

DON MÁXIMO.- Si, pero ten as costas chea de picaduras de pulga e tamén chagas no padal. Está moi débil. Se segue empeñada en non comer haberá que obrigala... E Fuensanta? Fixo unha brecha na cabeza de tanto golpearse na cela de castigo. Deille uns puntos de sutura, pero aínda así non pecha ben... Iria está a punto de parir e case non pode camiñar, o nervio ciático está moi inchado...

DON MAURO.- Nunca debemos vir.

DON MÁXIMO.- Como?

DON MAURO.- Ela non quería vir; eu convencina. Pensei que podería ser bo para a miña carreira. Ademais, o soldo non é moi bo, pero cos complementos... *(Repara en Don Máximo.)* Que me estaba a dicir?

DON MÁXIMO.- Faláballe da saúde das reclusas. A Manca perdeu peso. A Mari Mar, debería mirala un oftalmólogo. Charito salvouse da sífilis, pero non da gonorrea.

DON MAURO.- Todo iso xa o sei; mando informes ao ministerio. Que máis quere que faga?

DON MÁXIMO.- Pedín unha enfermeira, xa o sabe; e fondos para medicamentos; e que habilitaran unha enfermería no corredor!

DON MAURO.- (*Sobe o ton.*) Escribinlle ao Director Xeral de prisións!... E non temos presuposto, teremos que esperar ao ano que ven!

DON MÁXIMO.- Ao ano que ven ou nunca, que ven sendo o mesmo. Dígame unha cousa Don Mauro, canto hai que non baixa aos pavillóns? Unha semana? Un mes? Dous meses?

DON MAURO.- E iso que máis ten; decátome de todo o que pasa...

DON MÁXIMO.- (*Cortando.*) Recoñézao, nin sequera soporta velas!

DON MAURO.- Está ben, que propón?

DON MÁXIMO.- Tería que falar co Señor Bispo.

DON MAURO.- Co Señor Bispo?

DON MÁXIMO.- Si, aproveitando a súa visita! Dígalle que soltar unha presa cada oito anos polo xubileu de San Perpetuo está moi ben, pero mellorar as condicións das que quedan dentro é esencial! De que serve que libere a unha se o resto morre de frío cada noite? Se non llo di vostede, direillo eu.

DON MAURO.- E que cres que fará o Señor Bispo se falamos con el?

DON MÁXIMO.- Pois non o sei, pero ten que decatarse do que aquí pasa. O mes pasado enterramos un neno de dous meses por que non puido superar unha pulmonía; temos catro internas coa sífilis que non sei como a van aguantar; nin sequera temos leite. Alguén terá que facer algo, non!

DON MAURO.- Sorpréndeme a súa inxenuidade. A ninguén lle importa o que lles ocorra a estas desgraciadas.

DON MÁXIMO.- A min si me importa! (*Pausa.*) E a vostede tamén. (*Emprende a marcha, collendo o maletín. Pero, párase e vólvese cara a Don Mauro.*) Mire, Don Mauro, o corpo é moi sabio. Pode que a miseria na que temos a estas desgraciadas sexa a causa da súa dor de cabeza, e iso non llo poderá quitar ningún dos calmantes que lle receitei. (*Sae. DON MAURO queda un intre pensativo e sae tamén.*)

Asubío. As presas achéganse ao espazo-escena: vanse lavar.

ESCENA NOVENA (O BAÑO.)

As presas levan toallas e caldeiros ou barreños grandes de latón, como os que se usan para levar ou traer a colada. IRIA sentarase nunha cadeira e refrescará as pernas nunha tina. FUENSANTA estará acompañada por SOR ADORACIÓN que a axudará. O resto, quitan as batas quedando en sostén e combinación-bragas. Todas se axudan, agás AURELIA que permanece soa.

LOLA.- Veña muller, non sexas rúcana, que todas sabemos que a Irmá che pasa xabón do que ole ben; danos un pouco para todas!

MAGDALENA.- Un pouco? E que foi do que vos pasei a semana pasada?

LOLA.- E que eu son moi limpa e moi xenerosa, e xa non queda...

AURELIA.- E que ulía a flores e era tan suave...

MONIQUE.- A próxima semana virá a miña tía e pedireille unha pastilla para cada unha.

LOLA.- ¡Olé e olé pola miña francesiña!

MARI MAR.- Eu non a necesito, pero xa que che fai ilusión podías repartir.

MAGDALENA.- Ti en lugar de comunista tiñas que ser monxa.

IRIA.- Magdalena, non sexas así, xa sabes o que di Sor Adoración: “Benaventurados os que dan, porque deles será o Reino dos ceos”.

MAGDALENA.- Deixádeme en paz!

IRIA.- (*Molesta pola auga que bota nas pernas.*) Escoce, Irmá!

SOR ADORACIÓN.- Don Máximo díxome que che virían ben uns baños de sal, e non sabes o que me custou conseguilo na cociña, así que non sexas desagradecida.

IRIA.- Pero é que co sal escocen moitísimo as picaduras.

SOR ADORACIÓN.- Xa, pero ti lembra o que sufriu o noso Señor na cruz; aguanta Iria.

IRIA.- Que ganas teño de que saia xa o meu neniño! Porque, vai ser un neno, verdade Irmá?

SOR ADORACIÓN.- E moi fermoso, seguro que ten os teus ollos!

FUENSANTA.- (*Canta.*) Durme meu meniño, durme xa.... Iria, o teu neno está chorando...

IRIA.- Que di?! O meu neno non chora! Irmá, que cale a tola!

SOR ADORACIÓN.- Non sexas cruel con ela, que non che quere facer dano.

FUENSANTA.- O neno está chorando. (*Insiste.*)

IRIA.- Cando naza o meu neno, levaranme ao outro pavillón, levaranme coas presas que teñen fillos.

FUENSANTA.- O neno chora! Non quere saír, quere quedar aí dentro para sempre; non vai saír.

IRIA.- (*Vai violenta cara a Fuensanta.*) Non quero que esa tola vexa a cara do meu fillo cando naza, non quero; non quero que o meu neno abra os ollos aquí e se encontre con ela. (*SOR ADORACIÓN métese no medio das dúas, protexendo a FUENSANTA.*) Tola de merda!

SOR ADORACIÓN.- (*Vólvese a FUENSANTA e cóllea para sacala de alí.*) Sae de aquí, vamos! (*SOR ADORACIÓN saca a FUENSANTA fóra.*)

A MANCA.- (*Colléndolle por sorpresa o xabón a MAGDALENA.*) Trae para acá o xabón.

MAGDALENA.- Ei!! Ese xabón é meu (*A MANCA pasa o xabón que corre de man en man.*) Dádeme o xabón, putas! Que ese xabón é meu, coño!

A MANCA.- Ti quérelo gardar para limpar a cona o día que veña o Señor Bispo, verdade?

TEODOSIA.- Devolvédelle o xabón! Devolvédelle o xabón ou terei que avisar a Sor Piedade!

A MANCA.- *(Repite as palabras e imita o ton de Teodosia, burlándose.)* Terei que avisar a Sor Piedade...

Magdalena aproveita o parón da situación para recuperar o xabón. A MANCA vai con malas intencións cara TEODOSIA)

A MANCA.- *(Continúa a burla, e ládralle a Teodosia coma se fose un can.)* Guau, guau, guau... Xa está aquí a cadela... Chama as irmáns! Veña, chámaas!

MONIQUE.- Por que ela *(Por Teodosia.)* non se lava?

As presas comezan a secarse e vestirse con lentitude.

XULIA.- Non o ves, téñena de vixilante. Son os outros ollos e oídos de Sor Piedade.

LOLA.- Oe! E ti cando vas limpar toda a roña que tes nas orellas, Teodiosa? Mira que calquera día sacamos patacas!

IRIA.- De pascuas a ramos; pero se pode saltar as pascuas e logo os ramos, mellor.

CHARITO.- Teodosia, non queredas bañarte? *(Coa man mollada refréscalle a cara a TEODOSIA, que rexeita a "caricia" moi enfadada.)*

AURELIA.- Mira que hoxe a auga está fresquiña, fresquiña!

A MANCA.- Veña Teodosia, que non se diga, que non che tremeu a man para abrir ao teu marido. *(TEODOSIA sóltalle unha labazada, pero a A MANCA prevé o golpe e suxéitalle a man.)* É que te vas cabrear por unha pouca auga? Veña!

Todas agarran a TEODOSIA. XULIA e MARI MAR non interveñen.

TEODOSIA.- Deixádeme en paz. *(Collida, algunhas intentan limpala coas toallas.)*

CHARITO.- Xa verás como te bañas hoxe!

TEODOSIA.- Deixádeme en paz! Mirade que chamo as monxas e castigaranvos!

AURELIA.- Por que lle terá tanto medo esta a auga?

XULIA.- Veña Teodosia, que a auga está moi boa.

TEODOSIA.- Deixádeme putas, deixádeme....

MAGDALENA.- Anda, que só queremos arrincarche a merda dos sobacos...

TEODOSIA.- Sodes unhas bestas!

A MANCA.- Auga vai! *(Tíranlle a auga por enriba e dende atrás; TEODOSIA cae ao chan "empapada" ao soltala e separarse todas.)*

LOLA.- *(Achegándose a Teodosia.)* E agora que?

TEODOSIA.- Ogallá que podrezades todas aquí dentro!

IRIA.- Cre que o indulto vai ser para ela.

A MANCA.- *(Achegándose a Teodosia.)* Polos servizos prestados.

LOLA.- Malo raio te parta, chivata! Hai que limparche ben esa lingua para que aprendas! *(Intenta meterlle a toalla pola boca, pero TEODOSIA protéxese, entón LOLA pasa a maiores e empeza a golpeala coa toalla no corpo. IRIA, A MANCA e CHARITO tamén a golpean.)*

MARI MAR.- Deixádea, deixádea xa! *(Coa axuda de XULIA consegue detelas e apartalas.)*

A MANCA.- Vendeuse ao inimigo por catro lentellas de máis! Non hai nada peor que ser un can ben adestrado, un can que acode xunto ao amo cando este estala os dedos.

LOLA.- *(A TEODOSIA.)* Xa chegará a túa hora, as chivatas non morren de vellas!

XULIA.- *(Diríxese á MANCA.)* Leva máis de media vida aquí dentro, que queres? Sobrevice coma todas!

A MANCA.- Coma todas non! Que esta converteuse nos ollos e a boca desas bruxas! *(MARI MAR axuda a erguer a TEODOSIA. A MANCA tamén o fai, porque se aproxima SOR PIEDADE.)*

SOR PIEDADE.- Que pasou aquí?

TEODOSIA.- Esvarei coa auga e caín... Viñeron axudarme...

SOR PIEDADE.- E a que esperades? Recolledes a auga do chan!

TEODOSIA.- Recolledes a auga do chan,, *(crescendo.)* Recolledes a auga do chan... Recolledes a auga do chan,... *(Todas se acercan e coas toallas secan o piso.)* Recolledes a auga do chan...

MÚSICA. ESCURO.

ESCENA X (OS AMORES.)

Escena dobre: primeiro entre DON MAURO e MONIQUE; logo, entre o mestre, Don ESTEBAN, e CHARITO.

DON MAURO.- Non o entende? Ou me di a verdade ou non poderei axudala.

MONIQUE.- Por favor, estoulle dicindo a verdade. Eu non fixen nada!

DON MAURO.- Por que entrou vostede a esa xollería con Don Armando Pérez?

MONIQUE.- Iamos comprar un anel; queríamos casar na primavera.

DON MAURO.- Vostede sabía que o seu noivo ía atracar esa xollería. Entraron xuntos porque ninguén sospeitaría dunha parella nova.

MONIQUE.- Non!

DON MAURO.- Vamos Monique, estou aquí porque vostede me chamou; eu accedín vir e escoitala, pero tenme que dicir a verdade. Se non me conta o que pasou non poderemos facer nada.

MONIQUE.- Por favor, xuro que é a verdade: iamos comprar un anel, *(DON MAURO faille o coro)* “iamos casar na primavera”, ...si!

DON MAURO.- Estou farto de escoitar a mesma leria. Sabe, teño demasiadas cousas que facer como para perder o tempo aquí con vostede. *(Decide marchar, chama polas monxas.)* Madre!

MONIQUE.- Por favor, axúdeme, son inocente! Teño que saír de aquí, ou morrerei de frío ou de fame... Mire, teño chagas no padal e polas noites non podo durmir porque escoito *(Entra SOR PIEDADE; espera.)* os xemidos e o pranto das outras presas... Non hai leite e teño as costas acribillada polas pulgas... Mire as miñas mans! Os sabañóns non me deixan abrilas... *(DON MAURO conmóvese e cun aceno pide a Sor Piedade que os volva a deixar sos; Sor*

PIEADADE marcha.) E esas monxas! Por favor, teño que saír de aquí! Non podo soportalo, teño que saír de aquí, por favor, por favor! (**DON MAURO** *volve acomodar a carteira na cadeira, que entón achega preto da reixa.*)

DON MAURO.- Cre que resulta fácil dirixir este lugar? Cre que non sei as penurias polas que pasan? Vostede non é especial, a non ser que fale... Cando planearon o atraco?

Irrumpe CHARITO e o mestre, Don ESTEBAN; comeza outra escena en paralelo; marcarase a alternancia entre as escenas coa luz, iluminando cada espazo no escenario.

CHARITO.- (*Está aprendendo a ler; le con dificultade algo escrito nunha imaxinaria pizarra situada enfronte dela.*) “A ra, roía a roupa”, “A ra saíu da pía”, “Nada, ranciña, nada”.

ESTEBAN.- Moi ben! Acabas de ler moi ben, xa verás que pronto saberás ler e escribir perfectamente.

CHARITO.- Pero cústame moito; sobre todo o “r”: “ra”, “rata”, “roupa”...

ESTEBAN.- É unha bendición escoitalas da túa boca.

CHARITO.- Iso é porque teño o mellor mestre do mundo (*Dálle un bico. É tan inesperado que ESTEBAN queda sorprendido.*) ¿Ti pensas que algún día poderei escribir cartas?

ESTEBAN.- (*Recuperándose do bico.*) Poderás escribir cartas, e lelas, e ler un xornal se chega o caso, e un montón de novelas desas que teñen historias de amor...

CHARITO.- Esteban, por que es tan bo comigo?

CHARITO achégase moito a ESTEBAN, que parece incómodo e con medo a que os descubran.

ESTEBAN.- E por que non? Fíxate nas túas compañeiras, elas non queren aprender. As poucas que saben ler non me necesitan, e as demais... as demais non queren saber nada. Ademais, cando ti saías de aquí, eu non volverei...

CHARITO.- Riste de min... Din que unha puta non necesita para nada saber de letras, que xa sabe moito de outras cousas.

ESTEBAN.- (*Tenro e cariñoso.*) Non as escoites, que ti cando marches de aquí xa non volverás a ser iso

CHARITO.- E que vou ser entón? Esteban (*Acaramelada e moi preto de ESTEBAN.*) ti vasme esperar?... Vasme esperar e vasme levar contigo, verdade?

ESTEBAN.- Claro que si.

(TRANSICIÓN Á ESCENA DE MONIQUE-AVOGADO.)

MONIQUE.- Iso é todo. Quedamos en encontrarnos, pero a Garda Civil chegou antes do que pensáramos... A min colléronme... Non podía correr cos tacóns!

DON MAURO.- Non me está a contar todo.... Onde están as xoias?

MONIQUE.- Tíñaas..., que esconder Ricardo.

DON MAURO.- Ricardo Espada? O outro cómplice?

MONIQUE.- Nós, íámonos xuntar algúns días despois do roubo, pero... Todo se complicou, e aquel pobre señor! Mon Dieu! Je ne veux pas probleme! (*Chora, balbúcea.*)

DON MAURO.- Quen disparou?

MONIQUE.- Non sei!...Eu estaba moi nerviosa... quería marchar...

DON MAURO.- Disparou o seu noivo, verdade?

MONIQUE.- Non! Non sei!

DON MAURO.- Si que o sabe! (*Pausa.*) Disparou Armando.

(TRANSICIÓN A ESCENA DE CHARITO-ESTEBAN.)

CHARITO.- Vou ser a muller dun mestre, a muller... (*Berra, feliz.*) dun... (*ESTEBAN faille un aceno para que baixe a voz; non deben descubrilos.*)

ESTEBAN.- Non sei se sabes que os mestres somos pobres.

CHARITO.- Non importa, se eu o que quero e estar contigo, e esperarte para cando volvas da escola e prepararche o xantar... Iremos vivir a un pobo, verdade? (*ESTEBAN asinte.*) Un pobo pequeno, onde non me coñeza ninguén. Onde me saúden ao pasar e digan: esa é Dona Charo, a muller do mestre.

ESTEBAN.- E logo dirán, “que guapa é”.

CHARITO.- Cántamo todo de novo, pero baixiño, que non quero que se enteren, que se nos oen eses corvos sonche capaces de estragalo todo. E isto, eu non quero que ninguén o estrague! Anda, cántamo todo de novo, cótame o que me vai pasar cando saia de aquí...

ESTEBAN.- O día que saias por esa porta tan grande que hai no patio, levareite a cidade, e mercareiche un vestido de flores.

Axeónllanse, collidos da man, un enfrente do outro, sen deixar de mirarse: CHARITO escoita feliz e namorada a voz do profesor.

(TRANSICIÓN Á ESCENA DE MONIQUE-AVOGADO.)

MONIQUE.- Si, disparou el, pero só para asustalo. Non pretendía ferilo.

DON MAURO.- Pero matouno.

MONIQUE.- Pero foi un accidente... Armando levaba a arma para asustalo, pero aquel home púxose a dar berros... Por que tivo que berrar? Armando non é un asasino!

DON MAURO.- Pero muller, o seu mozo matou a un home! E fuxiu con todas as xoias! Vostede está presa no cárcere e aínda o desculpa.... E que é parva e non ve o que pasa?

MONIQUE.- Eu non fixen nada!

DON MAURO.- Pero encobre aos que si o fixeron!

MONIQUE.- Vostede non me vai axudar; non sei como puiden chamalo!

Pausa.

DON MAURO.- (*Conciliador.*) Vou axudala, pero ten que colaborar e confiar en min.

MONIQUE.- Confiar en vostede? Non fai outra cousa que berrar, igual que eses policías... ¿Sabe o que me fixo un deles mentres estaba no calabozo? (*Pausa.*) Sábeo? (*Pausa.*) Por que teño que confiar en vostede?

DON MAURO.- Monique,... é que non me vai dicir onde está o seu noivo?

MONIQUE.- Cando el saiba que eu estou aquí, entón virá, e quererá entregarse para salvarme. Así vai ser, seguro!

DON MAURO.- Vostede cre?

(TRANSICIÓN A ESCENA DE CHARITO-ESTEBAN.)

ESTEBAN.- E uns zapatos negros e medias de seda!

CHARITO.- E un sombreiro, que as mulleres distinguidas levan sombreiro os domingos. Ah! E un chal para ir a misa, que a min gústame moito cumprir cos ritos de loar ao Noso Señor. (*Persígnase.*)

ESTEBAN.- Charito. (*Míraa fixamente, ansioso.*)

CHARITO.- Esteban... (*Contéstalle sincera e namorada. Cambian de posicións: ela mira ao fronte, segue sentada; el queda detrás, moi preto.*) Cántame o das barcas!

ESTEBAN.- O das barcas?

CHARITO.- Si, o das barcas.

ESTEBAN.- (*Rodéaa pola van a CHARITO.*) O día que saias por esa porta, levareite ao embarcadoiro, e colleremos unha barca, e remaremos ata a hora de comer.

CHARITO.- (*Interrompe.*) Esteban, hai patos no río?

ESTEBAN.- Patos? Si, hai patos, claro; e pode que algún cisne.

CHARITO.- Pois entón, botarémoslles algo de comer..., que comen os patos? Di, que comen os patos?

ESTEBAN.- Pan, comen pan... (*Abraza a CHARITO e bícaa no pescozo; excitado.*)

CHARITO.- Esteban, aquí non que nos poden ver..., ademais, non está ben..., non está ben! (*Érguese e sepárase de ESTEBAN.*)

Eu vou te mimar ben, xa verás. Pero non aquí, senón na nosa casa, xuntos!

ESTEBAN.- Charito, eu xa non sei o que é o amencer se non te veño ver. Vou ao embarcadoiro e escóitote rir, cando nin sequera o coñeces..., paso as noites en vela, pensando se pasarás frío ou fame, se mañá cando veña estarás aínda aquí ou se todo isto non é máis que un soño... Vivo esperando que chegue pronto a hora para vir ao cárcere, e temendo, cando xa estou dentro, o momento en que terei que deixarte...

Lentamente, ESTEBAN foise achegando ao carón de CHARITO ata collerlle de novo as mans.

Que comen os patos? Como podes ter tanto amor, coas mans tesas de frío e os beizos resecos?

CHARITO.- Pareces un poeta (*ESTEBAN sorri.*) Ás veces non te entendo, pero gústame.... Comprarasme un anel? (*ESTEBAN asinte.*) Ai Esteban, eu xa sei que non falo tan ben coma ti, que son unha deslinguada e unha bruta, pero quero que saibas que eu quérote con toda a miña alma! E eu non vou volver ser unha puta, que iso foi por necesidade, Esteban.

ESTEBAN.- Charo, que non é necesario que o digas máis. (*Bico e caricias de ESTEBAN.*)

CHARITO.- (*Interrompe as caricias ao escoitar as pegadas de Sor ADORACIÓN.*) É Sor Adoración... Eu creo que sabe algo porque me mira cunha cara cada vez que lle digo o bo que é o mestre comigo...

ESTEBAN.- (*Serio.*) Non digas nada Charito, isto noso ten que ser un segredo; non o pode saber ninguén. Ninguén!

Volven a unha actitude “escolar”: mestre e alumna. Sor ADORACIÓN entra.

CHARITO.- “A ra...”

SOR ADORACIÓN.- Rematou o tempo da clase! Estivo aplicada a alumna hoxe?

ESTEBAN.- Moi aplicada, xa non hai “erre” que se lle resista.

CHARITO.- Ai Irmá, que vou poder ler ata as vidas dos santos! (**Dálle unha aperta a SOR CONCEPCIÓN e un bico na meixela.**) Menos mal (*Mira a ESTEBAN.*) que en todas partes hai xente boa...

SOR ADORACIÓN.- É un anxo, un auténtico anxo! Vamos Charito; quede con Deus, Don Esteban. (*ESTEBAN fai un lixeiro xesto coa man a modo de adeus e cruza unha última mirada con CHARITO que, sen que a monxa a vexa, lánzalle un bico. Saen. ESTEBAN queda só dous segundos, e logo marcha.*)

(TRANSICIÓN Á ESCENA DE MONIQUE-AVOGADO.)

MONIQUE.- Está ben, confiarei en vostede... Escribinlle unha carta a Armando...

DON MAURO.- Que quere que faga eu?

MONIQUE.- Lévela, por favor.

DON MAURO.- Non podo facer tal cousa.

MONIQUE.- Por favor, non lle costará moito atopalo... Debuxeille un mapa, espero non equivocarme; está escondido nunha casa abandonada, preto da fraga dos bidueiros... Sabe onde queda?

DON MAURO.- Non podo facer iso; a vostede interésalle que el apareza... É o único que pode librala da acusación de complicidade; e só pode pasar se o deteñen...

MONIQUE.- E a cantos anos o condenarían?

DON MAURO.- Pesa unha morte sobre as súas costas...

MONIQUE.- Dígame que irá e que falará con el, e que lle dirá que eu estou ben, que estou moi ben!

DON MAURO.- Como pode pedirme iso? Vostede está tola!

MONIQUE.- Por confiar en vostede?

DON MAURO.- Vostede non sabe nada de min!

MONIQUE.- Claro que si..., os seus ollos saben que son inocente. *(Pausa; DON MAURO medita.)*

DON MAURO.- Por que o fai? Tanto o quere?

MONIQUE.- Isto non é tan duro, eu podo aguantar, pero el... non é coma min.

Sor PIEDADE entra e interrompe.

SOR PIEDADE.- Don Mauro, vai empezar a clase con Don Esteban.

Coa aparición de Sor PIEDADE, MONIQUE inicia a saída. SOR PIEDADE colle das mans de MONIQUE a reixa e dispónse a poñela no chan.)

SOR PIEDADE.- Ten os ollos encarnados... Pásalle algo, Don Mauro?

DON MAURO.- Grazas, non me encontro moi ben...

MONIQUE.- *(Saíndo.)* Sei que o fará. *(Sae.)*

DON MAURO.- Non lle prometo nada.

SOR PIEDADE.-Perdoe, pero non sei se é unha boa idea que se entreviste coas presas.

Sae decidida; antes pousou a reixa no chan converténdoa en banco. DON MAURO queda lendo a carta.

DON MAURO.- *(Abrindo a carta de MONIQUE. Le.)* “*Mon amour*”, escriboche para dicirche que non te preocupes por min, que sairei de aquí e me reunirei contigo, que non se che ocorra entregarte porque non conseguiremos nada... mándoche a dirección dunha boa amiga de París. Creo que o mellor é que marches a Francia ti só. Non sei se Ricardo estará contigo, dálle un bico da miña parte. Non podo durmir pensando no home que fatalmente feriches... Sei que ti estarás mal por iso, pero agora hai que pensar en nós. “*Mon amour*”,

vou falar coa miña tía para que me consiga un avogado e me saque de aquí...
(*Dobra a carta e gárdaa.*) Hai que ser idiota! (*Sae.*)

ESCENA XI (A CLASE, AS CARTAS.)

Cambio de escenario: As presas van entrando e colocan tres reixas a modo de bancos; en total catro bancos (dous e dous) onde van sentando. A esquerda, sentada nunha cadeira, Sor ADORACIÓN, con libreta e lapis; xunto ela está LOLA. No lado dereito, en penumbra pois está fóra da escena, sentada está SOR CONCEPCIÓN. Entra o mestre, DON ESTEBAN, levando un libro na man.

ESTEBAN.- (*Pregunta e recita.*) España limita al norte?

TODAS.- Por el mar cantábrico y los montes pirineos que nos separan de Francia.

ESTEBAN.- Al este?

TODAS.- Por el mar mediterráneo.

ESTEBAN.- Al sur?

TODAS.- Por el mar mediterráneo y el océano atlántico.

ESTEBAN.- Una península es?

TODAS.- Una porción de tierra rodeada de agua por todas partes menos por una que se llama ismo.

ESTEBAN.- (*Le na enciclopedia escolar.*) El Miño que nace en fuentemiña... (*Vai baixando o ton; IRIA empieza a falar “tapando” a voz do mestre. IRIA fala como quen escribe unha carta.*)

IRIA.- Do meu home non quero saber nadiña. Xa me denunciou por adulterio, xa quedou farto... Mira que se che din algo, a min non mo contes, que na miña vida non hai máis homes ca ti e o noso neno... Digo neno, porque seguro que vai ser un rapaz, e voulle chamar Félix, coma ti, e terá os teus ollos... Casada, vou estar casada con ese fillo da súa nai... Pero cando eu cumpra a condena, caso contigo, aínda que sexa de mentira, porque eu sei que ti vas ser o meu home para sempre... E venme visitar, que xa falei coa superiora e xa lle dixen que te deixara pasar. Ao principio díxome que non, pero logo dixo que si... Que ganas teño de ver a cariña do noso neno!

ESTEBAN.- (*Volve escoitarse a voz do mestre, que segue recitando xeografía peninsular.*) El Guadiana nace en las lagunas de Ruidera...

LOLA.- (*“Tapa” a voz do mestre.*) Eih! Que aquí hai unha monxa que é unha bendición do ceo, e estame escribindo unha carta para que, se pasa o Tío Francisco, pois que el vola lea. (*SOR ADORACIÓN fai que escribe ao ditado de LOLA.*) Ben non estou, porque me doen todos os osos do corpo; pero contenta? estou contentísima porque vira o Señor Bispo que vai conceder un indulto. E eu pedinllo a miña virxe da Macarena que mo concedera a min; e vanmo dar! Porque aquí, a que máis ou a que menos, matou a alguén, e eu coma moito matei unhas pitas que collín polo Nadal. Para catro xoias que roubei, as noites de frío que me estou botando sobre as costas, Irmá! (*Míranse a monxa e ela.*)

Antonio... Antonio! Que eu bótote moito de menos, e que teño moitas ganas de volver ao teu lado, e de meterme na cama contigo para que me digas esas cousas (*A medida que fala, LOLA déixase levar e tócase e levanta o mandilón mostrando as pernas... pero SOR ADORACIÓN carraspea. LOLA, párase, volve a roupa o seu lugar, e humildemente volve xunto a monxa.*) Perdoe vostede Irmá. Perdoe vostede. (*Persignase.*) Iso non o escriba. (*SOR ADORACIÓN borra o escrito no último momento.*)

ESTEBAN.- (*Volve subir a voz.*) ...y los principales son: el Bidasoa,...

MAGDALENA.- (*“Tapa” a voz do mestre.*) Perdoe vostede Señor Bispo, non son muller de letras, así que falareille claro: quero ese indulto. Quéroo, e estou disposta a calquera cousa por conseguilo. Se valeirei mil ventres, se cortei a cara de calquera desalmado, ou se pasou entre as miñas pernas máis dun rexemento..., a quen lle importa! Non se escandalice a vosa ilustrísima, que vostede e eu xa tivemos o gusto de coñecernos. Xa vestía vostede sotana con galóns cando eu o recibía na miña casa, onde non só procuraba rapaciñas aos meus clientes, senón tamén algún mociño guapo. Faga memoria e pense que peor que estou agora xa non vou estar. Consiga ese indulto para min e eu prométole que non se vai arrepentir... Aínda lle seguen gustando as nádegas apertadas e sen estrear? Ou mudaron os seus gustos? Se a súa Ilustrísima quere experimentar novos praceres, con gusto renovarei a miña oferta... Sáqueme de aquí, Señor Bispo! Píddollo como amiga, porque por tal me teño... Non me xulgue duramente, pense que ao final, todos dependemos da misericordia de Deus... Xa sabe o que dixo Xesús: o que este libre de pecado....

ESTEBAN.- (*Volve subir a voz.*) ...y el Ebro nace en Fontibre, provincia de Santander. (*Remata. Move as páxinas da Enciclopedia mentres pasea entre as presas; semella que busca unha nova lección. Entón encontra, pon un marca-páxinas e pecha o libro: fará un repaso ideolóxico. Pregunta en alto buscando voluntarias.*) El Alzamiento Nacional?

TEODOSIA.- (*Érguese.*) Se conoce con el nombre de Alzamiento Nacional, el que inicio Franco el día 18 de julio de 1936, para librar a España de sus enemigos y hacerla Una, Grande y Libre.

ESTEBAN.- Moi ben. (*TEODOSIA senta.*) Causas del Alzamiento?

MONIQUE.- Las causas principales del Alzamiento fueron dos: la necesidad de restablecer el orden en España, y la de impedir que nuestra patria cayese en manos del comunismo. (*XULIA, que está sentada detrás, golpea o banco-reixa co pe, sobresaltando a MONIQUE e a TODAS.*)

ESTEBAN, molesto pero comedido, vai cara onde permanece sentada XULIA. Ponse ao seu lado

ESTEBAN.- (*Mirando a XULIA.*) Necesidad del Alzamiento? (*Pausa. Silencio incómodo. Todas miran a XULIA. Comeza a soar o “Cara al sol”.*)

XULIA.- (*Érguese e con ela MARI MAR.*) Que non se preocupen, que estamos ben! E dígalle a padre, que esté tranquilo e que non veña vernos, que eu e a miña irmá xa sabemos que non se esquecen de nós. Coidade de madre, que bastantes desgustos lle din, e dádelle unha aperta moi grande da nosa parte...

ESTEBAN.- (*Ante a nula resposta de XULIA, le con enerxía.*) El Alzamiento Nacional fue completamente necesario, porque todos los intentos pacíficos de restaurar la justicia en nuestra patria habían fracasado. Solamente una respuesta armada

y decidida podía impedir ya la caída de España en el poder del comunismo. *(Mientras le, camión cara o lugar onde senta A MANCA. Unha vez alí preguntalle.)* Hechos más notables de la guerra de liberación?

A MANCA.- *(Dinos a súa carta.)* Moitos bicos, e se quero saír de aquí é por velo tan grande e tan guapo. Somos irmáns, pero está claro que el levou toda a fermosura. Dádelle a outra cuartilla escrita que vai no sobre, que esa escribina só para el; e que non veña visitarme, que me dá moita pena que me vexa aquí dentro. O único que lles pido e que non o manden ao seminario, que sería o maior desgusto que me poderían dar. A Manca non pode ter un irmán cura; ata aí poderíamos chegar...

ESTEBAN.- Entre los hechos más gloriosos de la guerra de liberación sobresalen: la defensa del Alcázar de Toledo, la defensa de Oviedo y la decisiva batalla del Ebro. *(Camión de novo cara o lugar onde sentan XULIA e MARI MAR. Pregúntalles.)* Ideales del Movimiento Nacional?

MAI MAR.- Mándolles os catro reais que gañei o mes pasado lavando a roupa do hospital. Sei que non é moito, pero vailles vir moi ben, nós aquí non os necesitamos...

ESTEBAN.- El Alzamiento Nacional dió lugar a la formación de un gran Movimiento Nacional cuyas notas fundamentales son:...

A MANCA.- Ven o Bispo, e queren que cante. Eu non lle bicarei a man, así me apunten co canón dun rifle.... O único que me queda aquí e facerlles mil putadas! Total, máis anos non me poden botar. Moitos bicos e que ao meu Luisiño non o metan cura. Xa saben que son moi burra, e son capaz de fuxir do cárcere se me entero que o meu irmanciño querido anda entre sotanas!

ESTEBAN.- *(Alzando moito a voz, querendo que o escoiten.)* Conseguir la unidad de los españoles, congregándoles entorno a la noble tarea del engrandecimiento de la patria, y...

MARI MAR.- Fágannos caso e non veñan, que nós queremos igual!

ESTEBAN.- ...revivir los excelsos ideales de los hombres de la época imperial. *(Volve xunto a MARI MAR.)* ¿Quién es el jefe del Estado español? *(O “cara al sol” que ata agora seguía soando, interrómtese en seco. Hai un silencio violento e incómodo.)* ¿Quen é o xefe do Estado español?

FUENSANTA.- O xefe do Estado español é o excelentísimo señor Don Francisco Franco Bahamonde, iniciador e triunfador do glorioso Alzamento Nacional! *(Saca de entre a roupa un retrato de Franco, que mostra; o retrato esta cabeza-abaixo. ESTEBAN enfádase e arríncallo das mans.)*

ESTEBAN.- A clase rematou, poden retirarse.

ESCENA XII

Todas saen. Quedan os bancos-reixas onde estaban. SOR ADORACIÓN permanece sentada á esquerda; SOR CONCEPCIÓN, aínda que segue na penumbra, permanece sentada na dereita. As presas quedan de pe, ao fondo, fóra do espazo-escena, mirando á parede e de costas ao público. AURELIA, poñerase no extremo dereito da fileira das presas.

SOR ADORACIÓN.- (*Segue sentada e “le” a súa carta.*) Irmá Asunción, bótoa moito de menos. Aquí as cousas non son coma no convento. Sempre suceden cousas novas. Ás veces non sei como proceder; hai tanta dor aquí dentro. Onte mesmo, estiven a desfacer un colchón de la cando encontrei unha carta; non sei quen a escribiu nin cando pero non puiden reprimir as bágoas... Sei que o Señor é piadoso, e fará benaventurados aos que tanto sofren... A carta dicía:

“Que me saquen as entrañas e os ollos, que non quero ver...”

AURELIA.- (*Fará un xesto “desesperado”, polo que ademais de tirar con algún obxecto –interésanos o ruído, seco e sorpresivo- caerá de xeonllos ou “arrimarase” a unha parede. A súa voz deberá ser desgarrada; debe comunicar dor e desesperación.*)

Que me saquen as entrañas e os ollos,
que non quero ver!
Que non quero sentir o latexo do meu corazón
golpeando no peito.
Que non abran a reixa,
que me encerren viva se fai falla, que non quero ver!
Que me arrinquen as uñas unha a unha,
que me craven unha espada na gorxa, que non quero ver!
Que me fagan andar por unha alfombra chea de cristais,
que estoupen os meus oídos polos berros, que non quero ver!
Que non quero velo, madre, que non quero, que non quero!
Que non quero que as súas mans volvan a furgar na noite.
Que non quero saír deste buraco! Que non quero velo máis!!!

Tras os berros desesperados de AURELIA, a atención desprázase a SOR CONCEPCIÓN, que desde o comezo da escena da instrucción escolar, permanecía sentada, en penumbra, discreta, na dereita e diante. Ela está cos seus poemas...

SOR CONCEPCIÓN.- Caladamente, amor, trata comigo
e con despeito arrinca o meu pensamento.
Que quede muda neste intento / de non saber atenazar o frío.
Non é eterno o pracer / nin tampouco o pranto?
Se é así, por que a miña alma quere
expandir a súa dor que tanto fere?
Máis grande é aínda o meu quebranto,
que consolar quixese a algún amigo.
Logo de escoitar mil razóns de amor e de dor,
que lle diría?
Perdín este consolo xa comigo
porque antes co tempo as miñas paixóns
van medrando cada día.
Caladamente, amor, trata comigo.

ESCENA XIII.

MÚSICA. Luz no centro. Aparece o médico e as presas forman unha fileira. Coa axuda de SOR ADORACIÓN, DON MÁXIMO vailles poñendo no brazo unha vacina cunha xiringa. Tras ser vacinadas as PRESAS retiran os bancos-reixa, salvo un que TEODOSIA coloca no centro. A cadeira na que estaba sentada SOR ADORACIÓN aproxímase a esta improvisada “cama”; tamén se achega un balde e

unha toalla. MAGDALENA queda, abre o escote un pouco e senta na cama. DON MÁXIMO, o médico, procede co recoñecemento. MAGDALENA móstrase provocativa.

DON MÁXIMO.- *(Como quen non sabe, pero consciente do embarazoso da situación, remata o recoñecemento. Lava as mans no balde que logo seca coa toalla.)* Parece que está mellor. Menos mal que puido conseguir vostede mesma o antibiótico; co que temos aquí non poderíamos deterlle a infección.

MAGDALENA.- Non me diga que xa rematou o exame.... co suaves que son as súas mans!

DON MÁXIMO.- Tome a dose de sempre nas comidas, polo menos durante tres días máis.

MAGDALENA.- Non lle gustou o arrecendo do meu xabón?

DON MÁXIMO.- Magdalena, por favor, son médico. A consulta rematou. Tátese, por favor.

DON MÁXIMO érguese e camiña como querendo poñer distancia. MAGDALENA, que continúa sentada na cama, mostra as súas pernas, estirando e alisando as medias. Descálzase.

MAGDALENA.- Vaia, pois a min dixéronme que da outra vez non tivo vostede tantos miramentos.

DON MÁXIMO.- Non sei a que se refire. As visitas sempre se fan en presenza dunha das Irmás. Foi vostede a que insistiu en quedar a soas comigo.

MAGDALENA.- Non lle parece preferible?... Non soporto o cheiro das monxas.

DON MÁXIMO.- Si, pero a norma...

MAGDALENA.- *(Corta.)* Esa norma,... implantouse a raíz daquel incidente, non? *Mentres fala, cambia de postura, acomódase na cama, as pernas xuntas, flexionadas, ao descuberto; busca o contacto visual co médico. Insinúa.*

DON MÁXIMO.- Non sei de que fala. Quen lle contou tal?

MAGDALENA.- Sor Piedade. Foi ela quen os descubriu? A aquela desgraciada metérona na cela de castigo sen escoitar a súa explicación.

DON MÁXIMO.- Iso non ocorreu. Nada de iso é verdade!

MAGDALENA.- *(Ri.)* Sor Piedade non mente.

DON MÁXIMO.- Veña, non me faga rir; os dous sabemos moi ben quen é Sor Piedade.

MAGDALENA.- Si, un mal becho! Pero por iso mesmo sei que non mente. Sor Piedade goza co efecto que a verdade causa sobre nós. Ela sabe que a verdade nos fere e a mentira..., a mentira danos consolo; e Sor Piedade non pretende axudarnos privándose do que máis a divirte. Ou non é así?

DON MÁXIMO.- Mire, eu non sei o que vostede cre...

MAGDALENA.- *(Corta; pensa que xa o ten collido.)* Eu? Eu e todo o mundo! *(Érguese e achégase ao médico.)* Todo o mundo sabe que se namorou coma un colexial; que buscaba calquera escusa para estar con ela; que sempre había algo que curar... *(Pausa.)* Que lle facía?

DON MÁXIMO.- (*Enfadado; case perdendo o control.*) Cala xa Magdalena, e sae de aquí!

MAGDALENA.- Por iso se preocupa tanto por nós.

DON MÁXIMO.- (*Enfado.*) Porque son médico, por iso me preocupo! Porque é o meu deber!

MAGDALENA.- Cantas máis houbo? Cantas máis pasaron por esta cama? Vamos, comigo non ten que disimular. É moi fácil o que lle pasa: un pouco de cariño, o frío, unha caricia... Coñezo a moitos coma vostede, tan bos, tan formais,... (*Contundente.*) tan puteiros!

DON MÁXIMO.- Magdalena!

MAGDALENA.- A miña casa viñan por centos, e ninguén por vicio. Cantas máis houbo?

DON MÁXIMO.- Non houbo ningunha, nin haberá! Marche dunha vez, Sor Piedade estará esperando.

MAGDALENA.- (*Pausa.*) Chámea. Chámea e terminará con esta situación. (*Manteñen a mirada. DON MÁXIMO decide saír; sae sen dicir nada.*)

MAGDALENA.- (*Eleva a voz para que a oia.*) Chamábase Esperanza, verdade? Din que deixou as uñas nas paredes da cela de castigo.... Non soportaba a escuridade.

Senta, cálzase. Comprende que o médico a rexeitou. Sae, lenta, sen importarlle; tararea unha canción.

ESCENA XIV (A HISTORIA DE TEODOSIA.)

Entran SOR CONCEPCIÓN e TEODOSIA. A monxa leva unha libreta e un lapis. Durante a primeira parte da conversa o espazo no que están representa –de xeito figurado– a lavandería. Imaxinemos estantes cheos de roupa, canastros, baldes, produtos da limpeza... A cadeira e a mesa-reixa da escena anterior válenos. Supoñamos un escritorio que SOR CONCEPCIÓN emprega.

SOR CONCEPCIÓN.- Téñense que volver desinfectar todas as celas unha a unha. Tamén a de castigo. Aínda que o señor bispo non se aproxime por alí. A cociña que brille coma unha patena. As sabas do hospital ben limpas e ben alisadas; virán recollelas mañá pola noite. Quero que ula a roupa limpa, a lixivia, a caras lavadas. Hoxe non acendan a estufa, e mañá tampouco. Hai que aforrar leña. Non diga a súa ilustrísima que pasamos frío. Quero que o día da visita se poida pasear polos corredores sen que naza bafo das nosas bocas. Sabe onde se meteu a irmá Adoración?

TEODOSIA.- A última vez que a vin estaba aseando a Fuensanta. Xa sabe, ás veces, mexa por si, e se se descoida escócenlle as pernas. E o que é peor, cando se vai do ventre e vai por aí ciscando o cheiro a letrina.

SOR CONCEPCIÓN.- Aforra os detalles. Podes retirarte, e non esquezas ningunha das tarefas que che acabo de encomendar. Xa sabes, quero que ula a limpo... A limpeza achéganos a Deus, e distáncianos das enfermidades e das miserias. Ás veces preguntome por que Deus na súa sabedoría, fixo que os seres humanos cheiremos tan mal.

TEODOSIA.- Vostede non ole mal, madre. Vostede sempre ole a xabón e, ás veces, como a vainilla.

SOR CONCEPCIÓN.- Anda, anda, vai facer o que che encomendei. (*Non se move Teodosia. Tose e móvese nerviosa de pé*) Que ocorre? E que non me oes?

TEODOSIA.- Madre...

SOR CONCEPCIÓN.- Ai, que pasa agora, Teodosia?

TEODOSIA.- (*Teodosia achégase.*) Madre, quero ese indulto. Por favor, fálelle de min ao Señor Bispo.

SOR CONCEPCIÓN.- Estás na lista, coma todas. O señor bispo fará o que teña que facer. Non é o primeiro San Perpetuo que pasas aquí; xa sabes como son estas cousas! E antes, e se non lembro mal, tamén estabas na celebración do Corpus, no convento das Ventas, cando eu era unha noviza. Aquel Corpus perdoaronlle a pena a unha decena de reclusas... Ninguén sabe ata o último momento cal vai ser a decisión da Súa Ilustrísima.

TEODOSIA.- En Ventas perdoaron ás que tiñan diñeiro.

SOR CONCEPCIÓN.- Non che consinto que fales así! Iso foron rumores infundados. As dúas estabamos alí, e tanto ti coma eu sabemos o que aquelas mulleres eran: ladroas de pouca monta. Non había entre elas ningunha que...

TEODOSIA.- ... que matara ao seu marido, coma min.

SOR CONCEPCIÓN.- Pero que é o que tes?

TEODOSIA.- Madre, quero ese indulto. Pensei que vostede podería falarlle ao señor Bispo de min. Levo moitos anos cunha conduta exemplar. Vostede mesma o di! Saben que poden confiar en min; eu sempre estou disposta a prestar calquera servizo. Sabe que por iso, as outras non me queren, pero non me importa. Eu sempre estou aí para axudalas.

SOR CONCEPCIÓN.- Claro que si. E por iso tes os privilexios que tes: comes a mesma comida ca nós; tes unha cela para ti soa; ata dúas mantas tes cando vai frío!... Non digo que non o teñas gañado, pero... que che dean o indulto? Tes un delito de sangue, Teodosia. Iso é moi grave.

TEODOSIA.- Nunca me preguntou por que o fixen...

SOR CONCEPCIÓN.- Fixéchelo, e por iso estás aquí.. E eu non quero saber máis! A xuíz encontroute culpable, e eu non son quen para saber máis, nin para preguntar.

TEODOSIA.- Madre! Se o meu marido estivera vivo volvería matalo!

Míranse. Silencio.

SOR CONCEPCIÓN.- Non fales así diante miña! Queres que che dean o indulto e nin sequera estás arrepentida.

TEODOSIA.- Arrepentida? Pegábame desde que eramos noivos; e eu pensaba que así tiña que ser porque así mo dicía a miña nai: “que tiña que aguantar!” E así mo dicía o Padre Severino: “que tiña que aguantar!” E así mo dicían as demais mulleres: “que tiña que aguantar, por que así foron sempre as cousas!” E eu aguantaba, sabendo polo son das pegadas, polo ruído da porta, pola súa forma de respirar,... o que me viña enriba. Cando bebía, porque bebía. Cando non

bebía, porque non bebía. Daba igual! Sempre había algunha cousa que eu facía mal. Quitaba o cinto, tensábao e daba un estalo ao aire, e o meu corpo tremía antes de que o coiro chocara nas miñas costas. (*Abre o mandilón, mostrando a parte superior do peito.*) Chegou a queimarme coas brasas do lume! (*Sor CONCEPCIÓN senta, compadecida das palabras e da visión das queimaduras de Teodosia. TEODOSIA tápase, abrocha o mandilón.*) Dígame, dígame se debo arrepentirme de matalo?!

SOR CONCEPCIÓN.- Só Deus é quen de quitarlle a vida a un semellante.

TEODOSIA.- Non foi Deus o que fusilou a aquelas mulleres en Ventas!

SOR CONCEPCIÓN.- Teodosia, por Deus, non sabes o que dis!

TEODOSIA.- Algunhas eran unhas crías; aínda escoito os seus choros e berros, mentres as sacaban arrastras das celas... Que sentía, Madre, cando soaban as descargas? E os tiros de graza?,... Foi Deus quen pegou eses tiros?

SOR CONCEPCIÓN.- Rezarei por ti Teodosia, para que Deus che devolva a conformidade.

TEODOSIA.- Eu tamén era case unha nena, cando fun a súa cama como unha cordeiriña... E pronto souben o que sería a miña vida. Aínda levo aquí (*Tócase a tripa.*) o estalo daquel cinto, un día si e outro tamén. Logo viñan as noites; as súas mans buscaban onde quentarse, e a súa boca babeando no meu peito, e eu quieta... Si Madre, abusaba de min unha e outra vez, unha e outra vez! Dicía que se non lle podía dar fillos non sería porque el non o intentara. E se eu me revolvía ou intentaba zafarme, alí estaba de novo o cinto para atarme á cama! (*Pausa.*) Preguntábame onde estaba aquilo, onde estaba aquilo que dicían que se sentía; aquilo que fai que homes e mulleres perdan a cabaza... Onde estaba aquilo?

SOR CONCEPCIÓN.- Basta xa Teodosia! Non entendo que che pasa!

TEODOSIA.- Aguantei, aguantei moitos anos; terminei por non falar, por non xemer, por non mirarlle á cara..., pero todo lle parecía mal! Unha noite espíuse diante miña, xunto ao lume. Colleume e empezou a quitarme a roupa torpemente... Logo mandou que me deitara no chan, e colleu unha ascua coas tenazas e deixouna no meu ventre...

SOR CONCEPCIÓN.- Basta xa! Dígoche que basta xa! Ordénoche que te retires Teodosia!

TEODOSIA.- Non sei como.... Non sei como conseguín librarme del. Collín o coitelo dos coellos que estaba na mesa e abrino de arriba abaixo! (*Pausa.*) Non lle digo o que sentín, porque aínda non o sei. Foi algo..., foi algo que nunca sentira. Algo que non volvín sentir. Foi unha cousa... (*Ri.*) Madre, penso que cando o matei sentín aquilo!

SOR CONCEPCIÓN.- Cala! Vaite de aquí Teodosia! Vaite de aquí!

TEODOSIA.- Perdoe Madre, perdóeme. Só quero ver como é o mundo sen el, aínda que só sexa un día.

SOR CONCEPCIÓN.- Tes que desterrar o odio do teu corazón, Teodosia. Se non hai arrepentimento, non hai perdón! Nin sequera Deus che pode perdoar se non te arrepintes.... Non está ben que fales así! Como vou interceder por ti logo de oír o que me tes dito? Sabendo que aínda sentes o mesmo odio...

TEODOSIA.- Non me vai axudar? Non me vai axudar porque fun sincera con vostede?

SOR CONCEPCIÓN.- Farei o que poida e o que a miña conciencia me dite. Tratarei de que esteas ben situada na lista. Pero a cambio quero que reces moito, e que lle pidas a Deus que te axude a perdoar... Hai que perdoar, Teodosia! Todos temos que perdoar!

TEODOSIA.- Grazas Madre. *(Inicia a saída.)*

SOR CONCEPCIÓN.- E non esquezas ningunha das tarefas que che mandei. Xa sabes, quero que ula a limpo. Que ula todo a limpo! E a túa alma, tamén. Que a túa alma ula a limpo...

(MÚSICA. ESCURO.)

SEGUNDA PARTE.

ESCENA XV

Baixo o son dunha música alegre da época, as presas colocan unha corda en diagonal e estenden unhas sabas "a secar".

A MANCA.- Non vaias tan rápido que só teño unha man e un toco!

*CHARITO e LOLA quedan xuntas, diante das sabas, á dereita e á vista do público.
CHARITO conversa divertida con LOLA e adiviñamos pronto o tema porque
emprega unha das sabas coma se fose un veo de noiva.*

MARI MAR.- Deixa de queixarte Manca...

A MANCA.- Se nos tiverades feito caso, aquí ía estar eu, tendendo sabas!

XULIA.- Xa saíu a anarquista co seu conto!

A MANCA.- Que perdemos a guerra pola vosa culpa! Se é que aínda...

TODAS.- *(Adiantándose a frase que xa coñecen de tanto oíla.)* ...me saen bochas entre as pernas cada vez que vexo un comunista! *(Rin. A MANCA fai un corte de mangas.)*

CHARITO.- *(Á LOLA.)* Oe! Do que che dixen, nin palabra! Mira que non quero que o saiba ninguén.

LOLA.- Xa che viamos unha cara de parva cada vez que che preguntaba a lección, que xa, xa...

MARI MAR métese entre as dúas.

MARI MAR.- *(Falando alto.)* Charito, o teu co mestre é un segredo a voces.

CHARITO.- Eu non teño nada co mestre, sabes!

FUENSANTA.- Esteban é moi bo!

LOLA.- Claro que si toliña!

MAGDALENA.- Abrícheste xa de pernas ou o teu é un amor verdadeiro?

A MANCA.- Anda coa Charito! Que caladiño o tiñas?! *(Palmadas no cu.)*

CHARITO.- Magdalena, déixame en paz; el quéreme moito e cando saia, vaime esperar... Que pasa? Tes envexa?

MAGDALENA.- E que che quere tanto como a súa muller? (*Silencio de todas.*)

LOLA.- (*Intenta romper a tensión.*) Magdalena, guapa, deixa a nena; xa che vale! (*Vai onde Charito.*)

CHARITO.- Que muller? (*Rexeita as mans de Lola que intentaba calmala e vai tras Magdalena, entre as sabas.*) Magdalena, dime que muller?

MARI MAR.- A Charito acaba de caer da pola!

AURELIA.- Esa non caeu, alguén a empurrou!

FUENSANTA.- Esteban é moi bo.

CHARITO.- Magdalena, dime que muller?

MAGDALENA.- A súa! A que ten! Ai! Non me digas que non o sabías?

CHARITO.- Iso non é certo! El nunca me falou da súa muller, e quéreme!

LOLA.- Ao mellor quedou viúvo hai pouco...; digo eu! ...ou non pode ser?

MAGDALENA.- Con que viúvo! Pois eses son peores... Ponse tenro, bondadoso, recítache un par de poemas, é tan culto! E logo sácaa coma todos!

CHARITO.- Cala! Es unha serpe! Es unha mala persoa! Es...

MAGDALENA.- Unha puta! Pois por iso mesmo cho digo, porque son unha puta e coñézoos moi ben!

CHARITO.- Iso non é verdade, iso non pode ser verdade! (*Vaise correndo.*)

XULIA.- Pobre, a saber a de veces que lle metería man a esta cantando os ríos de España?

Todas rin.

A MANCA.- (*A Fuensanta.*) Un mestre fornicador! Como para escribir unha novela!

FUENSANTA.- Esteban é moi bo e moi guapo!

As PRESAS retíranse, salvo XULIA e MARI MAR; que recollen novamente as sabas. Case sen interrupción, a seguinte escena empeza e transcorre ao outro lado, mostrándose ao tempo en que as sabas se recollen. O cordel recollerase moi lentamente, por AURELIA.

ESCENA XVI

SOR ADORACIÓN, DON MÁXIMO e DON MAURO. Don Mauro, que acudiu a Don Máximo polas súas doenzas, aparece sentado, rodeado pola monxa que lle presenta unhas reclamacións, e o médico.

SOR ADORACIÓN.- Ela non é como as demais. Só hai que vela; ten outra educación. O seu corpo é moi fráxil...

DON MAURO.- Peche a ventá (*sinala*), por favor. Vai moito frío.

SOR ADORACIÓN.- Señor, a ventá está pechada.

DON MAURO.- Estará pechada, pero vai frío! Ese vento métese por todas partes...

SOR ADORACIÓN.- Señor, só lle pido que mellore as súas condicións de vida; mudea a unha cela máis soleada e deixe que Don Máximo a visite todos os días.

DON MAURO.- Non teño máis celas, e o médico ten moito que facer! Váíase! Dóeme a cabeza...

(Pausa.)

SOR ADORACIÓN.- *(Suave e suplicante.)* Hai unha cela na fachada sur. Esa cela está baleira...

DON MÁXIMO.- Esa cela ten a súa historia. Unha presa aforcouse alí hai uns anos. As reclusas non queren pasar por diante; din que escoitan berros pola noite...

SOR ADORACIÓN.- Supersticións!

DON MAURO.- Déixese de parvadas! *(Ao médico.)* Trouxo o que lle pedín?

DON MÁXIMO.- *(Despide a Sor Adoración.)* Terá que desculpalo; pero non está para atender a ninguén. É mellor que marche.

SOR ADORACIÓN.- Está ben. Non quero importunar máis. *(Sorpresivamente berra.)* Pero espero que teña en conta o que lle pedín! *(Sor Adoración vaise.)*

DON MÁXIMO.- Que lle pasa?

DON MAURO.- Onte non puiden durmir. Non sei como non arranxan esas ventás! Toda a noite o mesmo barullo: o vento golpeando.... Non podo máis!

DON MÁXIMO.- Ten vostede que tranquilizarse. Polo que vexo está vostede pasando por unha crise nerviosa.

DON MAURO.- ¡¿Que sabe vostede o que teño ou o que non teño?!

DON MÁXIMO.- *(Suave e paciente.)* Son médico.

DON MAURO.- E eu non son ninguén?! Non sei eu o que me pasa?! Non sei acaso que estou volvéndome tolo aquí dentro?! Non sei eu que a ninguén lle preocupa o que a min me ocorra?

DON MÁXIMO.- Señor, respire profundamente; intente tranquilizarse...

DON MAURO.- Non me trate como se fose un imbécil!! Pensa que está por enriba dos demais?

DON MÁXIMO.- Que?

DON MAURO.- Mírame por enriba do ombro cada vez que vén! O médico bondadoso!

DON MÁXIMO.- Señor.

DON MAURO.- O médico que vela pola saúde dos seus pacientes.

DON MÁXIMO.- Señor.

DON MAURO.- O médico metomentodo!

DON MÁXIMO.- *(Berra cortante.)* Señor!! *(Pausa. Silencio tenso.)* Non lle vou tomar en conta nada do que me está a dicir. Vostede está a piques de sufrir unha crise nerviosa... Por favor, sente e procure tranquilizarse.

DON MAURO.- Prepotente!

DON MÁXIMO.- (*Paciencia infinita.*) Señor...

DON MAURO.- Pensa que é mellor ca min? Mellor ca todos? Pois non é así! Ou non se lembra daquela muller, Esperanza Martín? Chamábase ou non se chamaba así? Pensa que non o sei? Lin o expediente; lin todos os expedientes cando tomei posesión! Eu sei cumprir co meu traballo –que pensan?–; sei que me van dar a medalla ao mérito penitenciario. Faláronlle de min ao Xeneralísimo! Así que... eu seino todo. Non me bote o sermón que eu seino todo! Chamábase ou non se chamaba así, Esperanza Martín? (*Móstralle o expediente e pégallo á cara.*)

DON MÁXIMO.- Chamábase Esperanza... Esperanza Martín Campillo! Natural de Valladolid. (*Tira o expediente na mesa. Aproxímase a Don Mauro e prepara mentres fala unha xirina.*) Pobre Esperanza. Preferiu que Sor Piedade estendera o bulo de que era a miña amante antes que contar a verdade. A primeira vez que a vin, non me enganou a súa delgadeza, nin as súas pupilas dilatadas, nin os seus grandes ollos cor mel... Tamén ela me pediu morfina. Bastante tiña con soportar as malleiras que lle daba unha funcionaria revirada. Ía todos os días vela! Preparáballe a súa dose e aproveitaba a rolda das monxas pola galería para achegarme a súa cela... Sempre sorría e dicía que cando saíra fóra remataría con iso; Dicía que... que eu tiña que axudala. Fixen ben? Fixen mal? O día que Sor Piedade me viu con ela foille co conto a Sor Concepción. A min obrigáronme a coller vacacións... A ela metérona nunha cela de castigo! Para cando volví, a ela xa a trasladaran a outra prisión... E a miña reputación?... A quen lle importa iso! Peor sería que me acusaran de darlle a morfina. Pero si se trata de abusar dunha presa, pódese facer a vista gorda. Ela sabíao... Non dixo nada por non prexudicarme máis. Chamábase Esperanza Martín Campillo... Pobre Esperanza! (*Sae.*)

DON MAURO.- Pero por que non deixa de soprar ese vento?!

MÚSICA. DON MAURO tamén sae. Entran as presas, TEODOSIA dirixe a recollida da mesa e da cadeira deixando limpo o escenario. Ao mesmo tempo, o resto das presas van falando con alegría: é o momento das visitas.

ESCENA XVII (AS VISITAS.)

A escena das visitas: de esquerda a dereita, sitúanse fronte ao público tras a súa reixa, MAGDALENA, XULIA, MARI MAR, IRIA, A MANCA, FUENSANTA, CHARITO, LOLA e MONIQUE. AURELIA sitúase detrás á dereita coa súa reixa, na penumbra Teodosia permanecerá diante no lateral esquerdo, vixiando as presas. Luz forte frontal. As presas reciben visita; falan e manteñen a actitude de atención.

MONIQUE.- Tía, está vostede moi guapa con ese traxe e ese abrigo!

CHARITO.- Escribinlle unha carta a túa nai; que non estea triste que de verdade que non estou pasando fame....

MAGDALENA.- (*Corta a Charito.*) E a miña nena? Bótame moito de menos? Cando saía de aquí vou traballar coma unha burra, para gañar moitos cartos, e levala a un médico da cabeza que hai en París... Dille, aínda que non te entenda, que vai curar, a miña toliña pequerrecha vai curar!

LOLA.- Por que non veu o Antonio? Hai! Por que non veu? Dille que quero velo, que non sabe a de bicos que me queiman na boca e que quero darlle!

XULIA.- Non facía falta que viñeran; nós estamos ben!

FUENSANTA.- O neno está ben, madre; está moi ben!

A MANCA.- Padre, que lle pasa? Non me diga que nada, que o coñezo moi ben!

IRIA.- Félix! Félix! O mes que ven, xa che vou poder ensinar o neno! Xa non queda nada. Non sabes as patadiñas que da; eu creo que xa quere saír.

FUENSANTA.- (*Triste e sorprendida ante o que lle din.*) Eu non o matei, madre... Non me fale así.

LOLA.- (*Molesta e desconfiada.*) E que fai a Asunción na miña casa? Por que está na miña casa esa porca?

A MANCA.- (*Incrédula, temendo o peor.*) Levárono ao seminario? Ao meu irmanciño metérono cura? Se non é iso que é o que pasa?!

MARI MAR.- (*Abatida pero mantendo o tipo.*) Non pasa nada! Sorprendeume a noticia... Vanse todos?

FUENSANTA.- (*Negando e discutindo.*) É o meu neno! É o meu neno!

XULIA.- Non chore, padre... Viume vostede algunha vez chorar?

A MANCA.- (*Triste e desconsolada.*) Por que non me dixeron que estaba enfermo? (*Pausa*) Léollo na cara, padre... Morreu? Morreu o neno? Por que non me dixeron nada? Por que? (*Pausa*) Díganme que non sufriu! Que non sufriu!!

LOLA.- (*Seria e desconfiada.*) Ti non me miras aos ollos! Madre, dígame que é o que pasa?! Por que non ven o Antonio? Madre, dígame o que sexa por que vai ser peor!!! Madre! Madre, por que chora?

FUENSANTA.- (*Negando, discutindo, case chorando.*) Como ía matar eu o meu fillo? Que non estou tola, madre! Non estou tola!

MARI MAR.- Nós mandarémoslles os cartos a Alemaña. Cando estean instalados escribannos.

XULIA.- Que non pasa nada, padre; que é o mellor para todos!

MARI MAR.- Aquí non estamos soas, aquí temos... unha familia!

LOLA.- (*Moi enfadada, fóra de si.*) Me cago en todos os seus mortos! Por esta (*Bica os dedos, aceno de xuramento.*) que cando saía de aquí mátoa! ! E na miña cama, fillo de puta, ten o valor de metela na miña cama! Xúrollo, madre, que cando saía de aquí vounos abrir de arriba abaixo, a el e a esa puta da Asunción, que se tomou moi en serio iso de ser a miña irmá para compartilo todo! Ata o marido! Vounos matar, madre! Vounos matar!

FUENSANTA.- Non é un trapo! Non é un trapo! (*O manto, que fai ás veces de envoltorio do neno na tolemia de Fuensanta, desfai e ábrese co seu nerviosismo, mostrando que non hai neno.*) Non é un trapo... merda! (*Volve o manto a súa forma "protectora".*) É o meu neno... É o meu neno...

XULIA.- Non me fale así, que me lembra a Don Martín! E non estou a chorar; déixeo xa!

MARI MAR.- Que teñan unha boa viaxe! E cando teñan unha dirección, escribannos! E que cando saiamos de aquí e nos reunamos con vostedes....

IRIA.- Cun cuarto apañámonos; non te preocupes! Todo vai saír ben!

MAGDALENA.- Dálle moitos bicos! O cariño si que o entende. E dille que nun pisas vou estar con ela!

CHARITO.- Déanlle as grazas á tía polas laranxas!

MONIQUE.- Grazas tía por pensar en min; estou segura de que lograrás que saia de aquí.

A MANCA.- E aínda se empeñan en dicir que Deus existe! E se existe para que? Levar ao meu irmá no mellor da vida, cando acababa de cumprir os quince! Por que non me matou a min? Por que non estoupei coa dinamita? Carallo de Deus! Maldito sexas! Se querías algunha morte, terme elixido a min e non ao meu neno! Padre, faga algo! Pida que me deixen saír! Que quero velo! Quero velo aínda que sexa morto! Quero velo!

O silencio da Manca sinala o final da escena. A Manca, e todas á par, baixará a reixa lentamente e indo cara atrás, ata sostela en diante no que de a man. Así, uns segundos. Logo todas as presas soltarán á vez as reixas que golpearán o chan. A luz apágase. ESCURO

ESCENA XVIII (A MORTE DO AMOR.)

Sobre o escuro, un berro de MONIQUE, que se repite. É un berro desesperado. Ao iluminarse a escena, MONIQUE está con SOR ADORACIÓN, que trata de achegarse a ela para consolala. Ela evítala unha e outra vez.

MONIQUE.- Váíase... déixeme en paz! Déixeme! Foi Don Mauro! Foi pola súa culpa!

SOR ADORACIÓN.- Non digas iso... Enfrontouse aos policías que ían por el... Estaba armado... Tiveron que disparar.

MONIQUE.- Vostede non sabe! Fieime de Don Mauro e foi el quen os enviou alí... matárono! Eu fieime e matárono.... Que lle deron a cambio?

SOR ADORACIÓN.- A túa liberdade. Fixo un trato. Atraparían ao ladrón e recuperarían o botín a cambio de sobreeser a túa causa. Fuches enganada, non sabías que se ía cometer un atraco; fuches unha vítima inocente...

MONIQUE.- Non é certo! Non é certo! Eu axudeino! Eu axudeino!!

SOR ADORACIÓN.- Cala!! Dentro duns días serás libre. Sairás sen cargos.

MONIQUE.- Non quero saír!! Eu son tan culpable coma el! Eu axudeino a atracar aquela xoiería! Eu planeo todo! Son culpable!!

(SOR ADORACIÓN dálle unha labazada; pero axiña abraza a Monique.)

SOR ADORACIÓN.- Basta, Monique! A túa tía coñece a persoas influíntes...

MONIQUE.- E que queredes a cambio? Que vos prometeu a miña tía? Leite? Mantas? Medicamentos?

SOR ADORACIÓN.- Nada! Monique, podíante condenar a moitos anos. É o que querías? Pasar aquí os mellores anos da túa vida? Es libre, Monique.

MONIQUE.- Váíase!

ESTEBAN e a CHARITO entran en escena mentres se cobren de escuro os rostros de MONIQUE e de SOR ADORACIÓN ;” conxelan” os seus movementos.

ESTEBAN parece contrariado, nervioso. CHARITO móstrase desafiante.

ESTEBAN.- Quen che dixo iso?

CHARITO.- Iso non importa. Dígame, é certo? É verdade que está vostede casado?

ESTEBAN.- Deixa que che explique...

CHARITO.- Non quero que me explique nada. Só quero saber se é certo. Quero oílo da súa boca.

ESTEBAN.- Si; é certo.

CHARITO encóllese cun xemido, coma se recibise unha patada no ventre. ESTEBAN achégase a ela.

ESTEBAN.- Charito, ti non o entendes... ti non o entendes... o meu non é un matrimonio... a miña muller está enferma, nunca durmimos xuntos...

CHARITO.- E os teus dous fillos? De onde saíron? Vasme dicir que a preñou o Espírito Santo?

ESTEBAN.- Non che consinto que fales así.

CHARITO.- Non me consentes? Que non me consentes...?

ESTEBAN.- ¡Non! ¡Non cho consinto!!

CHARITO.- Estivécheste rindo de min... divertíaste moito véndome soñar...

ESTEBAN.- Non... non me ría de ti... ti gústasme, Charito... gústasme moito... e gustoume que o que soñabamos xuntos se puidese facer realidade... non era mentira... era un soño. Mentres estaba contigo, eu quería crer que era certo...

CHARITO.- Mentiras. Mentiras!

O escuro cérnese agora sobre eles; conxelan.

SOR ADORACIÓN e MONIQUE fanse presentes de novo na escena. SOR ADORACIÓN está preto dela. O seu ton máis comprensivo contrasta coa desesperación de MONIQUE.

SOR ADORACIÓN.- Din que pensaba fuxir co botín. Tíñao todo preparado.

MONIQUE.- Iso é mentira. ¡É mentira! ¡El quería-me!

SOR ADORACIÓN.- A verdade doe, Monique... Sei o que é sentirse enganada.

MONIQUE.- Que vas saber! Ti non sabes nada. Non sabes como me amaba, como me miraba cando estabamos sos, como me tocaba cando chegaba a noite? Non sabes nada. Morreu por min! Vivirei atormentada toda a vida! Váíase xa dunha vez!

SOR ADORACIÓN.- Dentro duns días chegará a orde de liberdade.

MONIQUE.- Non sei que vou facer coa miña vida... (*Silencio. MONIQUE chora.*)
Irmá! Léveme á miña cela! Por favor, léveme a miña cela!

*Aínda se oe a voz de MONIQUE cando se ilumina a outra zona do escenario. Sor
ADORACIÓN sacará a MONIQUE. Saen as dúas.*

CHARITO.- Mentiras, mentiras... mentiras! Cres que es o primeiro? Pois non! Pero as outras veces eu sabía. Para iso cobraba, para facer como que cría as mentiras, e para mentir eu tamén... Debes estar moi orgulloso: conseguiches enganar a unha puta.

ESTEBAN.- Charito, xúroche que...

CHARITO.- Contábasllo aos teus amigos no Casino? Contábaslles como sobabas á túa puta do cárcere mentres a enganabas dicindo que a ías levar lonxe? Ríanse moito cando lles contabas o dos patos?

ESTEBAN.- Non... non, non, non, xúroche que non lle falaba a ninguén de ti... Charito, tes que entenderme...

CHARITO.- Que vou entender? Só son unha puta analfabeta.

ESTEBAN.- Non... ti es distinta... contigo sentíame doutro xeito... ogallá todo fose distinto... ogallá eu puidese deixar á miña muller, pero non podo; ogallá eu tivese poder para sacarte de aquí, pero non o teño. Só me quedaba soñar, e deixarte soñar... os momentos que pasei aquí contigo, imaxinando un futuro foron... por que me miras así? Por que ris?

CHARITO.- Porque outra vez queres enganarme... pero xa te coñezo, mestriño. Xa te coñezo. Es coma todos! Unha cona nova e quente! Iso é o que queres, o que queren todos!

ESTEBAN.- Non me fales así.

CHARITO.- Que non che fale como?

ESTEBAN.- Como unha puta.

CHARITO.- E por que non? Trátasme como a unha puta pero non me deixas que me porte coma unha puta! Claro, teño cara de nena boa, verdade? Moitos vellos pagábanlle á señora por estar comigo porque lles parecía unha nena boa...

ESTEBAN.- Cala.

CHARITO.- Es un hipócrita. Un hipócrita, coma todos.

ESTEBAN.- Cala!

CHARITO.- Calo... calo, señor mestre. Quere que lle lea a cartilla? Era iso o que te poñía cachondo, mestre? “A ra-ta ro-ía a rou-pa”, “A ra saíu da pi-a”, “Na-da, ran-ci-ña, na-da”.

ESTEBAN.- Que cales!!

Tápalle a boca. CHARITO resístese. ESTEBAN está detrás dela, tapándolle a boca.

ESTEBAN.- Non entendiches nada... non entendiches nada! Tratei de explicarche o que sentía, pero rícheche de min... Tes razón, ti non podes entendelo porque non es máis que unha puta!

CHARITO trata de protestar, pero el mantén a súa boca tapada.

ESTEBAN.- Ti non sabes o que é vivir cunha muller que non che dá nada polas noites... e logo vir aquí, e estar contigo tan cerca... Ese cheiro a muller sucia...

CHARITO xeme.

ESTEBAN.- Eu non quería facer isto, Charito... non quería facer isto...

CHARITO solloza.

ESCURO

....luz: CHARITO está no chan, a roupa descolocada,... foi violada. SOR PIEDADE está xunto a ela.

SOR PIEDADE.- Charito... iso que me contas..., resúltame algo difícil de crer... Estás segura de que non houbo provocación pola túa parte? Todos sabemos o que fuches antes de vir aquí; e xa se sabe, a cabra sempre tira ao monte...

Don Esteban é un home novo; eu diría que atractivo, e as mulleres coma ti estades afeitas a mirar dunha forma..., a movervos dunha forma...

Non é que estea ben deixarse vencer pola tentación, non; aínda que xa lle advertín eu a don Esteban do perigo a que se expuña accedendo a darche esas clases a soas. Pero el, con ese sentido do deber e ese amor polo maxisterio, empeñouse, e agora mira en que situación estamos...

Se don Esteban tivo unha debilidade, deberá render contas ao seu confesor, pero a túa penitencia vai ser calar... Calar e rezar, e pedirlle a Deus que faga de ti unha muller decente, e non un obxecto de desexo para os homes.

CHARITO mira a SOR PIEDADE e chorando ponse de xeonllos fronte a ela.

CHARITO.- Quero saír de aquí, irmá, quero saír de aquí!

SOR PIEDADE.- O indulto volveuvos tolas a todas. *(Sae.)*

MÚSICA. CHARITO érguese e coloca a súa roupa. As presas entran e recollen algúns dos somieres; outros é o momento de limpalos.

ESCENA XIX (NACE UN NENO PRESO.)

MAGDALENA, LOLA, MARI MAR, XULIA, A MANCA, MONIQUE, IRIA, FUENSANTA, CHARITO e TEODOSIA están en escena. Todas limpan os somieres con trapos, todas menos CHARITO que está ausente. AURELIA cóidaa.

LOLA.- Vésperas do indulto e aquí non hai máis que caras longas.

A MANCA.- E que vai haber? Todo o mundo debería poñerse de loito.

IRIA.- Que lle pasa á Charito?

MARI MAR.- Foi confesar esta tarde; quen sabe o que lle dixeron!

IRIA.- Ai! Que o meu neno está querendo saír xa.

TEODOSIA.- Déixao, Iria, xa termino eu a túa parte.

MARI MAR.- E a ti, Teodosia, non veu ninguén verte?

TEODOSIA.- Case mellor, polo que se ve as visitas non trouxeron máis que malas noticias.

LOLA.- A min a pena vénme cando me acordo; total xa lla teño xurada. A ver se mañá o bispo me dá o indulto e cumpro canto antes! Peor é o da Manca. E as comunistas tampouco están moi católicas.

MAGDALENA.- E á franchute que lle pasa, que nin ri, nin pasma?

MONIQUE.- A min deixádeme en paz.

XULIA.- A Garda Civil matou o seu noivo.

LOLA.- (*Mira ao Ceo*) Eh! O de arriba! Algunha desgraza máis? Porque aquí andamos ben servidas! Pois sabedes o que vos digo. Que eu teño a receita para espantar as penas. Canto peor me vai nesta puta vida, máis ganas me entran de cantar.

XULIA.- Pois canta, filla, canta ata que rebentes ou ata que Sor Piedade veña e mande calar!

LOLA.- Pois alá vai unha copla por ser a muller máis cornuda do mundo?

FUENSANTA, aplaude.

LOLA.- (*Cantando*)

*Él vino en un barco, de nombre extranjero.
Lo encontré en el puerto un anocheecer,
cuando el blanco faro sobre los veleros
su beso de plata dejaba caer.*

As presas acomodáronse no chan, ao redor de LOLA. Todas menos CHARITO e AURELIA que seguen apartadas e ausentes. LOLA colle a TEODOSIA e obrígaa a bailar. TEODOSIA reticente entra no xogo.

*Era hermoso y rubio como la cerveza,
el pecho tatuado con un corazón,
en su voz amarga, había la tristeza
doliente y cansada del acordeón*

MAGDALENA levántase e obriga a CHARITO a levantarse e comeza a bailar con ela coma se de verdade fosen unha parella de namorados. Mentres, MONIQUE non pode reprimir un bo puñado de bágoas e MARI MAR tamén a obriga a bailar. Todas bailan. IRIA vai sentindo as dores de parto.

*Y ante dos copas de aguardiente
sobre el manchado mostrador,
él fue contándome entre dientes
la vieja historia de su amor:*

*Mira mi brazo tatuado
con este nombre de mujer,
es el recuerdo del pasado
que nunca más ha de volver.*

*Ella me quiso y me ha olvidado,
en cambio, yo, no la olvidé
y para siempre voy marcado
con este nombre de mujer.*

Él se fue una tarde, con rumbo ignorado,

*en el mismo barco que lo trajo a mí
pero entre mis labios, se dejó olvidado,
un beso de amante, que yo le pedí.*

*Errante lo busco por todos los puertos,
a los marineros pregunto por él,
y nadie me dice, si esta vivo o muerto
y sigo en mi duda buscándolo fiel.*

*Y voy sangrando lentamente
de mostrador en mostrador,
ante una copa de aguardiente
donde se ahoga mi dolor.*

*Mira tu nombre tatuado
en la caricia de mi piel,*

*a fuego lento lo he marcado
y para siempre irá con él.*

IRIA interrompe a función.

IRIA.- Xa non podo máis... Vén, o meu neno vén!

FUENSANTA.- Dille que non saia! Dille que non saia!

IRIA.- Que cale esa tola!

TEODOSIA.- Irei avisar a Sor Piedade e a Don Máximo.

SOR PIEDADE acaba de entrar.

SOR PIEDADE.- Non fai falta chamar a ninguén. Oín as risas, xa vexo en que pasades o tempo.

MARI MAR.- Está de parto, parece que xa rompeu augas! Hai que avisar a don Máximo e á matrona do Hospital.

IRIA.- Cada vez doe máis...

FUENSANTA.- Non vai saír, non vai saír...

IRIA.- Por favor, que se vaia. Que se vaia!!

XULIA.- Avise a don Máximo!

SOR PIEDADE.- Non hai tempo. Para cando chegue, o neno xa estará fóra.

A MANCA.- Vai parir aquí mesmo?!

SOR PIEDADE.- Levádea ao noso comedor e poñédea sobre unha das mesas. Teodosia, ti vai por auga quente e trapos e leva a Fuensanta e a Charito, que parece que se volveu xorda e muda. Algunha voluntaria para o parto?

TEODOSIA sae con FUENSANTA, CHARITO e AURELIA.

IRIA.- Non podo máis? Facede algo por favor?!

MAGDALENA.- Tranquila, eu, estiven nun cento de partos?

MARI MAR.- Eu vou tamén!

XULIA.- E eu.

MONIQUE.- Eu non sei que facer?

A MANCA.- Non vaias, que co fina que es seguro que desmaias? Iria, se é neno, xa sei que lle vas pór Félix coma o seu pai, pero fariame moita ilusión que lle puxeses coma o meu irmán, polo menos de segundo. Algo terá que ver con el, porque vai nacer o mesmo día que souben da súa morte!

IRIA.- Conta con iso, Manca! Aiii!

IRIA vaise con MAGDALENA, A MANCA, MARI MAR, XULIA e SOR PIEDADE.

LOLA e MONIQUE quedan limpando e recollen todos os somieres. LOLA tararea "Tatuaxe", MONIQUE limpa as bágoas. O choro dun bebé cala a LOLA que se persigna.

LOLA.- Ea, xa está aquí.

MONIQUE.- Naceu preso.

LOLA.- Pronto sairá. Iria cumprirá a pena axiña e mira, xa ten o seu churumbel. Eu teño o ventre seco; dez anos co Antonio e non fun capaz de darlle un fillo. Que por iso e non por outra cousa me deixou por esa...

SOR ADORACIÓN entra co neno envolto nunha manta chorando. SOR PIEDADE vén detrás. Óense os berros de XULIA que ven tras elas.

XULIA.- Onde levan o neno? Onde o levan?

XULIAponse diante das monxas.

SOR PIEDADE.- Deixa xa de meterte en todo e quita do medio.

SOR PIEDADE faise paso dando un empurrón a XULIA ante a mirada de LOLA e MONIQUE que se achegan a ver ao neno. XULIAponse diante da monxa.

XULIA.- Oína falar por teléfono: van vir por el, verdade?

SOR PIEDADE.- Deixa de comportarte dese xeito tan absurdo e preocúpate de ti. Pregúntate por que a túa familia se vai a Alemaña.

XULIA.- Deixe á miña familia en paz.

SOR PIEDADE.- Sor Adoración, baixe ao neno. Virán enseguida por el.

LOLA.- Onde o levan?

MONIQUE.- Por que non llo dan á súa nai?

SOR PIEDADE.- É o mellor para o neno. Criarase no seo dunha familia decente.

XULIA.- O neno non vai ir a ningunha parte. *(A Lola e Monique.)* Non a deixedes marchar. *(Por Sor Adoración.)*

SOR PIEDADE.- Aparta!

XULIA.- Non. Non penso apartarme. Devólvalle ese neno á súa nai, filla de puta!

SOR PIEDADE.- Pero quen te cres ti que es para falarme así? Unha comunista! Unha filla de Satanás! Agora preocúpaste polos nenos e as súas nais, logo de querer destruílo todo: a familia, a Igrexa, todo? Ogallá te fusilaran a ti e a túa irmá xunto ás túas compañeiras... polo menos a túa familia podería chorar por vós... en cambio agora, que? Xa ves, tiveron que marchar porque non poden seguir aquí, porque o perderon todo pola vosa culpa... Si, mellor sería para eles que vos fusilaran...

XULIA abaláncase sobre a monxa e pégalle con forza. MONIQUE intenta separala. XULIA séguea golpeando.

XULIA.- Cale! cale!

ESCURO

ESCENA XX (CONVERSA ENTRE DÚAS MONXAS.)

Sobre o escuro, un lamento malhumorado que se repite. Ao iluminarse a escena, vese a SOR ADORACIÓN curando as mazaduras de SOR PIEDADE, que protesta:

SOR PIEDADE.- Ai! Polo amor de Deus, irmá, teña vostede máis coidado!

SOR ADORACIÓN.- Síntoo, irmá, poño todo o coidado que podoo...

SOR PIEDADE.- Se estivese vostede coidando dun can, faríao con máis delicadeza... ai!

SOR ADORACIÓN.- (*Case chorando*) Perdóeme, irmá... non o fago á mantenta...

SOR PIEDADE.- Gustaríame crer iso.

SOR ADORACIÓN.- Por Deus, irmá, como pode pensar así?

SOR PIEDADE.- Vostede alégrase, non?

SOR ADORACIÓN.- Que está dicindo?

SOR PIEDADE.- Veña, fale claro. Deixe caer por un momento esa máscara de santa que leva vostede todo o día.

ADORACIÓN empeza a musitar unha oración.

SOR PIEDADE.- Que está murmurando?

SOR ADORACIÓN.- Estou rezando, irmá. Estou rezando por vostede.

SOR PIEDADE.- Rezano por min... Creste mellor ca min, verdade? Cres que es mellor ca min?

SOR ADORACIÓN.- Irmá, rezo por vostede porque creo que necesita axuda para pasar este transo.

SOR PIEDADE.- Pequena hipócrita, non podes conter o teu xúbilo...

SOR ADORACIÓN.- Non sei por que di iso. Seica quere vostede atormentarme?

SOR PIEDADE.- Ai! Que Deus te confunda! Aquí a única que está atormentando a alguén es ti.

SOR ADORACIÓN.- (*A piques de chorar.*) Xa abonda, irmá. Se prefire que a cure algunha outra, eu...

SOR PIEDADE.- Pois si que estamos ben. Son eu a que estivo a piques de morrer a mans dese demo e es ti a que chora... Non che dá vergoña?

SOR ADORACIÓN.- Síntoo...

SOR PIEDADE.- Pois non o sintas tanto e pon atención. Que pinta ten?

SOR ADORACIÓN.- O que?

SOR PIEDADE.- A miña cara. Seguro que parezo un Ecce Homo.

SOR ADORACIÓN.- Peche os ollos, vou limpar a ferida da cella.

SOR PIEDADE.- Espero que esa comunista pase unha boa tempada na cela de castigo... ao final saíu o demo que levaba dentro. Custoulle, pero ao final tivo que deixalo saír.

SOR ADORACIÓN.- Non a crin capaz dunha cousa así. Sempre foi unha muller equilibrada... parecía boa persoa.

SOR PIEDADE.- Boa persoa... é que non sabes que está aquí xunto coa súa irmá por comunista? Seica ninguén che dixo o que é o comunismo? Pois é unha enfermidade. Unha enfermidade grave. E non o digo eu, dío a ciencia. Ti non tes nin idea, pero hai un médico moi importante... un psiquiatra, que o demostrou. O doutor Vallejo Nájera. El demostrouno: O marxismo é unha enfermidade. Unha tara. E as mulleres son especialmente sensibles. “Boa persoa”?... que infeliz! Pero xa aprenderás... xa aprenderás. Eu tamén fun unha vez coma ti... eu tamén fun coma ti...

ADORACIÓN **cala.**

SOR PIEDADE.- Non dis nada? Que estás pensando?

SOR ADORACIÓN.- Pensaba nesa pobre muller... en como choraba cando... cando vostede a separou do seu fillo.

SOR PIEDADE.- Xa saíu. Ao fin saíu. Era o que estabas gardando, non? Claro que choraba! Calquera femia chora cando a separan da súa cría, e que? Chora porque ten que chorar, porque non é unha pedra... claro que chora! Pero iso non quere dicir que non sexa o mellor. Que destino lle agarda a ese neno, criado por esa muller? O seu Félix, o amor da súa vida, abandonaraa antes de que cante un galo e aí estará o seu marido para recollela e devolvela á súa casa, de onde non debeu saír nunca! Ti cres que cun neno el vaina aceptar?... Ademais non podemos ir contra as leis; Iria segue casada e o seu marido consentiu en dar ese fillo cando nacera en adopción! Ai! (*agárralle a man con forza*) Esta vez fixéchelo a posta. Fixéchelo a posta, que me dei conta!

SOR ADORACIÓN.- Que non, madre, que lle aseguro que non... sólteme!

SOR PIEDADE.- Empezo a coñecerte... non creas que me enganas... empezo a coñecerte... (*sóltalle a man*)

SOR ADORACIÓN.- Por Deus, irmá, non fale así... ¡non fale así! Eu xúrolle que...

SOR PIEDADE.- Non sabes que é pecado xurar?

SOR ADORACIÓN explota e tira a tina na que ía mollando as gasas.

SOR ADORACIÓN.- Pois prométole que o fago o mellor que podoo! ¡Fágoo o mellor que podoo! ¡¡Fágoo o mellor que podoo...!!

SOR PIEDADE.- (*Contundente*) Non me fale así, irmá.

SOR ADORACIÓN.- Déixeme! Vostede non ten corazón, aínda podoo oír os choros do neno e o berro de dor de Iria.

SOR PIEDADE.- Vostede non sabe nada da vida, irmá... e vai ter que aprendelo todo de golpe. Eu tamén chorei o día que vin como lle morría entre os brazos á súa nai unha nena de ollos azuis, por tuberculose! Iso é o que quere para o fillo de Iria, irmá? Deixe que ese neno teña unha vida que xamais a súa nai lle podería dar. Ou deixe polo menos que viva e que non morra de frío aquí o próximo inverno no outro pavillón.

SOR ADORACIÓN.- As cousas poden ser doutro xeito. O señor iluminaranos o camiño!

SOR PIEDADE.- Si, claro que poden ser doutro xeito, sempre poden ser peores.

SOR ADORACIÓN queda parada. CONXELAN. LUZ XERAL. Descubrimos a Sor CONCEPCIÓN e a XULIA que conversan.

ESCENA XXI (CONVERSA NA CELA DE CASTIGO.)

A cela de castigo. SOR CONCEPCIÓN está con XULIA. Esta mostra sinais de golpes no rostro.

SOR CONCEPCIÓN.- Que ocorreu? Non é a primeira vez que defendes unha causa perdida, pero de aí a golpear a Sor Piedade do xeito que o fixeches?

XULIA.- (*Tocándose o rostro*) Ela tampouco quedou atrás. Púxenllo fácil, xa me tiña ganas. Mire, Madre, coñecémonos desde hai moito tempo, se o que ven buscando é unha mostra de arrepentimento, xa pode volver por onde veu, porque llo vou dicir ben claro: non me arrepinto. Esa Sor Piedade é o peor bicho que pariu a terra. E dáme igual se me oe alguén. Xa me dá igual o que pase.

SOR CONCEPCIÓN.- Xa abonda, Xulia. É inútil. Aquí ninguén te vai oír, e eu non vou iralles co conto.

XULIA.- Xa. Non ten vostede pinta de chivata, a pesar de ser monxa. Hai tempo que quería preguntarllo. Vostede parece unha muller intelixente e ata decente. Que fai vostede levando ese hábito? Quen a enganou?

SOR CONCEPCIÓN.- Pero por que ese odio, Xulia? Por que ese odio á relixión?

XULIA.- Por que ese odio? Non me faga falar, madre, que vostede debía sabelo mellor ca ninguén. Dixéronme que vostede estaba no cárcere das Ventas cando acabou a guerra. Había alí moitas mulleres e nenos. E moitos morreron só por ser mulleres ou fillos de comunistas... Cantos foron, madre? Cantas mulleres? Cantos nenos?

SOR CONCEPCIÓN.- Ocorreron cousas terribles alí, si, pero...

XULIA.- Non, madre, non ocorreron. Alguén as fixo. Persoas con nomes e apelidos; con uniformes e hábitos.

SOR CONCEPCIÓN.- Seica os teus camaradas non cometeron atrocidades! Queres que che conte o que sucedeu en moitos conventos coas miñas irmás?

XULIA.- Cre que eu aprobo iso, madre? Era a guerra, había moita furia, moita rabia, moito rancor...

SOR CONCEPCIÓN.- Bonita escusa... por que non habería de usala eu tamén?

XULIA.- Porque non sería certa, madre. Porque eu non falo do que sucedeu na guerra, senón despois. Dos miles de compañeiros e compañeiras asasinados deliberadamente, fusilados ou deixados morrer nos cárceres... e vostedes colaboraron. Por iso ese odio, madre. Vostede é unha persoa decente, estou segura, pero como puido ver todo aquilo e seguir levando ese hábito? Como é posible?

SOR CONCEPCIÓN.- Quizais poidas preguntarllo ao teu camarada Stalin... (*pausa*) Xulia, defraudáchesme deixándote levar así pola ira. Que ocorreu?

Xulia encóllese de ombreiros.

XULIA.- Tamén Xesús se deixou levar pola ira cando botou aos mercadores do templo.

SOR CONCEPCIÓN.- Non debes falar do que non sabes. A ira é un pecado, e Xesús nunca pecou. Xesús é o ben.

XULIA.- E o mal? Que é o mal?

SOR CONCEPCIÓN.- Pensei moito niso. Creo que hai moitas clases de mal; pero o peor é aquel que se comete en nome do ben. Creo que o maior triunfo do Demo prodúcese cando alguén cre que sabe que é o ben, o ben absoluto, e

empeza a loitar para impoñelo. Ao final o mal acaba apoderándose de todo...
Pero estou falando demasiado.

XULIA.- Cre vostede en Deus, madre?

SOR CONCEPCIÓN.- Pero que clase de pregunta é esa?

XULIA.- Respóndame sinceramente. Aquí ninguén pode oírnos. Cre vostede en Deus sen ningunha dúbida, en todo momento?

SOR CONCEPCIÓN.- Só un alma cándida como a irmá Adoración pode vivir sen dúbidas. Pero para iso está a virtude da Fe. Para crer a pesar das dúbidas. Para crer por encima das dúbidas; ata por encima das aparentes evidencias. Ata por encima desa sensación sen carga que unha sente ás veces cando se axeonlla e se dispón a rezar e... Perdóeme, non debería falar así.

XULIA.- Tranquila, madre, eu tampouco son unha chivata.

SOR CONCEPCIÓN sorrí.

SOR CONCEPCIÓN.- Sinto que sexa aquí onde teñamos que falar.

XULIA.- Tiña que ser aquí. Porque este buraco está fóra do mundo. No mundo, vostede e eu somos inimigas. Aquí somos dúas mulleres soas no medio da escuridade e o frío. Ninguén nos vai oír; vostede díxoo antes.

SOR CONCEPCIÓN.- Farei o posible para que te saquen de aquí canto antes.

XULIA.- Advírtolle que non morro de ganas por ver ao señor Bispo. Só me preocupa o intranquila que poida estar a miña irmá.

SOR CONCEPCIÓN.- Rezarei por ti.

XULIA.- Agradézollo. Hai que ter amigos en todas partes. Ata no inferno; se cadra alí teño ocasión de botarlle unha man...

SOR CONCEPCIÓN move a cabeza reprendéndoa e dispónse a saír.

XULIA.- Madre!

SOR CONCEPCIÓN vólvese.

XULIA.- Devólvalle o seu fillo a Iria.

SOR CONCEPCIÓN.- Xulia, ese fillo é fillo dun adulterio.

XULIA.- Ese fillo é fillo do amor. Claro, vostede que vai saber diso. Algunha vez amou a un home, madre? Algunha vez abrazárona ata facerlle perder a respiración?

SOR CONCEPCIÓN.- O amor non é só iso.

XULIA.- Non, non é só iso. Pero tamén é iso.

SOR CONCEPCIÓN.- Non pretenderás que agora nos poñamos a discutir sobre o que de verdade é o amor.

XULIA.- Devólvanlle o neno.

SOR CONCEPCIÓN.- Non está na miña man.

CAMBIO DE LUZ.

ESCENA XXII (O INDULTO, A LIBERACIÓN.)

As presas entran xuntándose aos personaxes que estaban presentes en escena. As presas traen unha alfombra e unha cadeira digna do señor Bispo. A alfombra esténdese cruzando o escenario –previamente baleiro– en diagonal; a cadeira ao final, preto do público.

Todo baixo a supervisión da madre SOR CONCEPCIÓN. SOR PIEDADE chega ata ela.

SOR PIEDADE.- Din que fixo moito frío esta noite e que a estrada se xeou... A comitiva parou en Vilanova, e desde alí chamaron. Van pedir ao noso Alcalde que bote uns sacos de sal, a ver se conseguen derreter o xeo.

SOR CONCEPCIÓN.- Vaia por Deus! Foi unha noite terrible. O patio tamén está xeadado. Baixa á cociña e pide que boten sal. Non sexa que a súa Ilustrísima consiga chegar ata aquí e na nosa humilde casa sufra un accidente. E, de paso, chame a Don Esteban, que xa tiña que estar aquí.

SOR PIEDADE.- Don Esteban non virá hoxe. Chamou para escusarse; a súa muller empeorou e tiveron que ingresala no hospital esta mesma noite.

SOR PIEDADE sae. As presas forman un grupo a un lado da alfombra; SOR CONCEPCIÓN está ao outro. As presas teñen frío; AURELIA ocupa ao fondo un lugar discreto; non leva a bata azul como as outras, vai en viso.

SOR CONCEPCIÓN.- Poida que a súa Ilustrísima tarde un pouco máis.

SOR ADORACIÓN vén correndo.

SOR ADORACIÓN.- Madre, non encontro a Don Mauro. Fun á súa casa, pero non había ninguén. Logo chamei unha e outra vez á porta do despacho e ao final decidín entrar, como vostede me dixo, e nada. Atopei isto encima da súa mesa.

SOR ADORACIÓN téndelle un sobre a SOR CONCEPCIÓN.

SOR ADORACIÓN.- Pon “para Aurora”.

SOR CONCEPCIÓN sorpréndese e cóllea.

SOR ADORACIÓN.- Vostede sabe quen é esa Aurora? Non sei se debín collela, madre, pero eu tamén estou moi preocupada polo señor director.

SOR CONCEPCIÓN.- Non se preocupe, irmá, xa me encargarei eu de devolverlle esta carta cando apareza. (*Mirando ás presas*) Quede con elas, irei ver se sabemos algo máis da súa Ilustrísima.

SOR CONCEPCIÓN sae. SOR ADORACIÓN revisa que a cadeira este ben limpa; semella nerviosa e preocupada.

IRIA.- (*A Sor Adoración.*) Irmá, que pasou co meu neno? Onde está o meu neno?

SOR ADORACIÓN.- Estará ben. Seguro que estará moi ben. Cando saias poderás velo, seguro que cho deixan ver.

A MANCA.- Non lle minta, irmá, que xa sabemos que o seu marido asinou para que llo quitasen.

IRIA.- Iso é verdade, irmá?

SOR ADORACIÓN asente timidamente.

IRIA.- Mal raio parta a ese fillo da gran puta. En mal hora casei con el. Que veña o bispo, que me abran as portas desta tumba, que quero saír de aquí para atopar ao meu neno!

SOR ADORACIÓN.- Acouga, Iria, calma. Se cadra Deus óete!

LOLA.- Se o indulto é para a Iria, ea, noraboa, pero se non é para ela que sexa para min, que tamén teño unha boa razón para saír!

XULIA.- Se matas ao teu marido, volves aquí aos dous días.

LOLA.- Iso dáme igual, eu párto en dous e logo que me quiten o bailao, que non naceu home que engane á Lola.

A MANCA.- Que me diga alguén o que teño que facer. Que se queren canto e ata rezo; que me diga o bispo se quere que lle bique o cu... Pero que me deixen saír hoxe, só hoxe, que volvo; que non fan falta que me poñan as esposas. Que quero velo..., que quero ver a súa cariña antes de que a cubran de terra! Irmá, que me diga alguén o que teño que facer!

MONIQUE.- Por que non pode ir ao enterro do seu irmán? Parece que gozan todos coa nosa dor.

MAGDALENA.- Cala, francesiña. O indulto será para quen queira o Señor Bispo; aquí todas o merecemos e todas temos razóns para saír e razóns para volver. Fuensanta?..., que a salven por tola; Charito?..., por inocente; Teodosia?..., por aforrar o soldo dun funcionario!

MONIQUE intenta pegar a MAGDALENA, pero as outras presas impídeno. Entón chega SOR CONCEPCIÓN; parece contrariada. Fala con SOR ADORACIÓN.

SOR CONCEPCIÓN.- O xeo! Tiña que xear esta noite! A meteoroloxía boicoteando á Igrexa! Tanto traballo para nada! *(Pausa)* Ben, o importante é que a súa Ilustrísima quixo cumprir coa tradición e unha das nosas presas vai ser indultada. *(As presas)* Atendede!

As presas obedecen. SOR ADORACIÓN ponse ao lado de SOR CONCEPCIÓN.

SOR CONCEPCIÓN.- A súa Ilustrísima decidiu cancelar a súa visita.

Todas falan á vez.

A MANCA.- Que lle dean!

LOLA.- Entroulle o medo á última hora.

TEODOSIA.- E se non vén, que pasa co indulto?

SOR CONCEPCIÓN.- Un pouco de silencio. A súa Ilustrísima decidiu cancelar a súa visita polo xeo que hai na estrada. Foi unha noite moi fría, demasiado frío para esta época do ano.

MAGDALENA.- Volverá ou non dar o indulto? Porque todas tiñamos xa os dentes longos e case empezamos a darnos dentadas unhas ás outras.

SOR ADORACIÓN.- *(A SOR CONCEPCIÓN.)* O Señor Bispo foi piadoso, madre?

SOR CONCEPCIÓN.- Mandeí á sede episcopal un informe detallado de cada unha de vós. Logo de moitas dúbidas, a súa Ilustrísima tivo a delicadeza de expresar o seu veredicto por teléfono.

De novo falan todas á vez.

IRIA.- Quen é, madre?

TEODOSIA.- Non sei se quero oílo!

LOLA.- Pola virxe da Macarena que teño un presentimento! A que son eu, madre!

MARI MAR.- Dígao dunha vez, non as torture máis.

SOR PIEDADE aparece con présa.

SOR PIEDADE.- Todo está listo no comedor: o chocolate, os biscoitos,... Que ocorre?

SOR ADORACIÓN.- O señor bispo non vén.

SOR CONCEPCIÓN.- A súa Ilustrísima decidiu que a indultada sexa dona Magdalena Costa Rivas, acusada de varios delitos contra a saúde pública e dun delito de faltas contra a persoa de Marcelino Cuevas.

CHARITO parece espertar do seu letargo.

CHARITO.- Que vou facer agora?

TEODOSIA achégase a SOR CONCEPCIÓN.

TEODOSIA.- Non fixo nada, verdade? Non fixo nada por min.

SOR CONCEPCIÓN.- Escribín un bo informe, o que merecía; é o que lle prometín.

TEODOSIA.- Non fixo nada por min.

TEODOSIA cospe aos pés da monxa e volve ao seu sitio.

A MANCA.- Se tivese as dúas mans, aplaudiría ata que me sangrasen.

SOR PIEDADE chega ata TEODOSIA e dálle unha labazada.

SOR PIEDADE.- Quere que a leve á cela de castigo, madre?

SOR CONCEPCIÓN fai un xesto negativo.

SOR CONCEPCIÓN.- Parabéns, Magdalena. Espero que esta graza que che concedeu o señor Bispo non caia en saco roto e...

MAGDALENA.- Cando podo saír?

O berro desgarrado de CHARITO estreméceas a todos.

CHARITO.- Que vou facer agora, que vou facer agora?... Madre, chame ao bispo, dígalle que eu son boa, que xa non son puta, que non! Que me culpo do que pasou se quere, pero que me saque de aquí!

SOR PIEDADE camiña cara a CHARITO.

LOLA.- (*A Magdalena*) Que lle prometiches ao Señor Bispo? Eh, que lle prometiches, que es a peor de todas e tivéronche que dar o indulto a ti?

MAGDALENA.- Non penso pedir perdón por marchar deste inferno.

CHARITO.- (*Achegándose a Sor Concepción.*) Madre, que eu aquí non podo quedar, que xa non teño ilusión, nin teño nada... Madre, eu quero saír de aquí!

SOR CONCEPCIÓN.- Lévena á súa cela e chamen a don Máximo para que lle dea algo que a tranquilice.

SOR PIEDADE.- (*Achégase a CHARITO.*) Cala, Charito, a súa Ilustrísima decidiu!

CHARITO.- (*Fóra de si*) Non se achegue, irmá, non se achegue!

CHARITO *saca un coitelo: o coitelo que LOLA lle entregou, e ameaza a SOR PIEDADE.*
Todas se asustan.

AURELIA *vaise achegando a CHARITO. Cos seus xestos trata de impedir o que vai suceder, pero ninguén a ve.*

Todas á vez:

MAGDALENA.- Volveuse tola!

FUENSANTA.- Eu quero saír, eu tamén quero saír!

MONIQUE.- Charito, ten coidado!

CHARITO.- Que non se achegue ninguén!!

MARI MAR.- Pero Charito, que fas?

A MANCA.- Mirade a cara da monxa! Cágase polas patas abaixo... Rece, Sor Piedade, rece, que igual ve o seu Señor antes do que imaxina.

SOR CONCEPCIÓN.- Pero por que se puxo así? Que está pasando? Irmá, chame aos gardas! Chame aos gardas!!

SOR ADORACIÓN *sae correndo.*

SOR PIEDADE.- Charito, non te portes como unha nena! Dáme ese coitelo!

CHARITO.- Non se mova, irmá, non fale; que vostede sábeo todo, que soubo o que pasaba e non abriu a porta!

SOR CONCEPCIÓN.- De que estás falando?

TEODOSIA.- Non disimule, madre. Que vostede tamén calou nas Ventas! Pase o que pase neste cárcere, vostede nunca ten a culpa.

XULIA.- Deixa o coitelo, Charito, déixao, que vai ser peor.

AURELIA.- Que van entrar os gardas e vai ser peor.

LOLA.- Por favor, ti es boa, Charito! Es boa!

CHARITO.- Non son boa, non son boa!

CHARITO *chorando, fóra de si, solta a SOR PIEDADE e co coitelo fai un corte na gorxa. O berro de AURELIA, xusto nese momento, conxela a escena.*

AURELIA.- Noooooooooooooooooonnn!!!!

Música alegre, infantil e cómica; cambio de luz. AURELIA, divertida e feliz, leva un nariz de pallaso. Colle unha cadeira e fala con CHARITO que quedou de xeonllos e sen caer. CHARITO escoita e atende a AURELIA.

AURELIA.- (*Alegre e divertida*) A min atopáronme na miña cela, colgando espida da reixa, co vestido anoado ao pescozo; non tiña outra cousa para acabar coa miña vida. (*Sube á cadeira.*) Enroleino coma se fose unha gran corda e ateino á reixa da fiestra, despois subinme ao xergón e saltei. (*Salta.*) Non foi unha morte rápida, afogueime pouco a pouco, notaba como o aire se acababa. Ninguén veu reclamar o meu corpo, nin sequera a miña nai. (*Tírase e queda no chan.*) Enterráronme fóra do cemiterio, separada de todos, no recuncho onde lle dan sepultura aos que se suicidan.

AURELIA.- (*Érguese e achégase a Charito.*) Foi unha noite fría, coma hoxe. Volveu de traballar, as mans e a cara negras da mina. Non creo que bebese, non lle facía falta. (*Representa a escena que agora conta empregando a cadeira.*) A miña nai cosía no seu cuarto cos pés metidos nunha tina. Puxen unha cadeira na porta do meu cuarto, por se chegaba e eu estaba durmida, para que o ruído da cadeira ao abrir a porta me espertase; e espertoume. Botouse sobre min, coa forza de sempre e eu... (*AURELIA colle o coitelo a CHARITO.*) eu saquei o coitelo debaixo da almofada e xuro por Deus que o único que quería era matalo, pero só lle acertei no ventre! Cando me dixeron que xa era libre, que xa cumprira a miña pena, sabía que me estaría esperando, sabía que tería as mans e a cara negras, sabía que a miña nai seguiría cosendo no cuarto do lado, sabía que os meus berros serían mudos e os oídos da miña nai xordos!

AURELIA mira a CHARITO e dálle unha aperta; devólvelle o coitelo e dálle tamén un nariz de pallaso.

AURELIA.- Tranquila, Charito... xa se acabou todo... xa non che pasará nada! Tranquila! A miña nena!

A música cesa. CHARITO cae morta. AURELIA sepárase e contempla a escena na distancia. As demais volven ao movemento, aterrorizadas polo que acaba de pasar.

FUENSANTA.- Está morta? Está morta?

XULIA.- Non pensan facer nada?

A MANCA.- Que se matou, que se matou e non fixemos nada!

A LOLA persígnase; as demais son incapaces de dicir nada.

SOR CONCEPCIÓN.- Meu Deus, meu Deus! (*Chega ata ela.*) Como puideches, filla...? ¡Como puideches...?! Que insensata...!

SOR PIEDADE.- (*Ás presas.*) Marchade!! Marchade para as vosas celas!! Ás vosas celas, dixen!!

Saen todas menos SOR CONCEPCIÓN, SOR PIEDADE e CHARITO; AURELIA contempla todo sentada na cadeira.

SOR PIEDADE.- Péchelle os ollos, estame mirando! Péchelle os ollos, polo que máis queira. (*Sae.*)

A LUZ VOLVE SER TENUE, FANTASMAL; aparece Don MAURO. Leva un nariz de pallaso. CHARITO érguese colocando o nariz e únese a el. AURELIA recolle a cadeira, lentamente.

ESCENA XXIII

Sor Concepción saca da súa manga a carta que lle deu Sor Piedade e comeza a lela. Escoitamos a DON MAURO.

DON MAURO.- Madre Concepción, permítame o atrevemento, permítame que por unha vez na vida diga o seu nome verdadeiro.

SOR CONCEPCIÓN.- “Non é momento de darlle detalles de como o pescudei, o caso é que non podería chamarse doutro xeito.”

DON MÁXIMO aparece en escena. Dirixe a súa mirada á madre superiora que segue absorta na lectura da carta de Don Mauro.

DON MÁXIMO.- Atoparon o seu coche nun barranco. Debeu saír de aquí a madrugada do día que ía visitarnos o Señor Bispo. Na cidade din que o xeo é moi traizoeiro, que era unha noite moi fría e que o máis seguro é que perdesse o control nalgunha curva... Se tomou tranquilizantes, poida que quedase durmido ao volante.

DON MAURO.- Voume, Aurora, porque non soporto este frío, nin tanta soidade, nin ese vento que azouta a miña cabeza. Voume, non sei a onde, a ulir o mar, a buscar en cada neno a cara do meu fillo, a respirar un aire que non saiba a choro, nin a fame!

DON MÁXIMO.- Desde que o deixou a súa muller parecía outro. Decía que oía o vento, que botaba de menos o mar, que se sentía só,... que lle doía a cabeza. Non sei, quizais puiden facer algo por el e non souben que.

DON MÁXIMO desaparece de escena. SOR CONCEPCIÓN case non pode aguantar a emoción, a súa voz crébase.

SOR CONCEPCIÓN.- “Aurora, se tivese a tentación de buscarme ou de saber de min, non o faga, non cometa esa tolemia. Volverei ao mar, si, volverei. Adeus Aurora, afortunado todo aquel que se cruce con vostede, porque estou segura de que o iluminará coa súa luz.”

Sor CONCEPCIÓN pecha a carta e dóbraa con coidado mentres mira a cadeira que esperaba ao Señor Bispo; AURELIA, CHARITO e DON MAURO mírana, logo saen. SOR CONCEPCIÓN garda a carta. Sae.

ESCENA XXIV

MONIQUE, vestida con roupa de rúa, e SOR ADORACIÓN.

SOR ADORACIÓN.- Liberdade condicional á espera de xuízo. O xuízo tardará en saír. Pero si a túa tía busca un bo avogado que prepare ben a túa defensa... ; saben que colaboraches pero...

MONIQUE non contesta.

SOR ADORACIÓN.- Sei que non queres volver a vernos... Que vas facer?

MONIQUE.- Quero ir a súa tumba. Quero despedirme del; despois irei a Francia.

SOR ADORACIÓN.- Non podes, estás en liberdade condicional. Se esperas ao xuízo, seguro que entón podes...

MONIQUE.- Vou cruzar a fronteira.

MONIQUE sae, pero volve de súpeto.

MONIQUE.- Unha cousa máis. Sei que non dirá nada. Pero tampouco chore por min. Non quero nin a súa preocupación, nin a súa compaixón. (Sae.)

SOR ADORACIÓN sae, nova luz.

ESCENA XXV

XULIA, MARI MAR, A MANCA, IRIA, LOLA, FUENSANTA E TEODOSIA entran levando unha cunca na man. SOR ADORACIÓN entra co leite, sérvellelo.

LOLA.- Seguro que estou soñando, porque me pareceu ver que é leite. Bote un pouco máis, non sexa rañicas.

SOR ADORACIÓN.- Si, é leite fervido.

FUENSANTA.- Quero leite, quero leite, o meu neno está enfermo!

SOR ADORACIÓN.- Acouga Fuensanta, calma, poderás repetir se queres. Este leite mándao dona Magdalena. Rezaremos por ela, pola súa bondade, por acordarse de nós.

MARI MAR.- Así que a boa de Magdalena acordouse de nós!

LOLA.- E non mandou xabón?

XULIA tira o leite.

XULIA.- Que morra de fame, antes de darlle pena a Magdalena. Que podreza ela e o seu diñeiro.

MARI MAR.- (*Tamén tira o leite.*) Todas merecían máis o indulto. Canto pagou por el?

A MANCA tira o leite tamén.

A MANCA.- Por vós, camaradas, se imos morrer aquí de noxo que sexa de pé, que de xeonllos xa se poñen as monxas todos os días.

IRIA.- (*Tirándoo tamén*) Para que quero o leite se non teño ao meu fillo?

LOLA.- (*Tírao con pena*) Que o tiro para non ser menos que as demais, que eu tamén merecía ese indulto, pero que me doe tamén o digo, que a min téñenme dito que a comida é o máis sagrado.

TEODOSIA.- Lambendo o leite do chan, gustárame vela. (*Tírao tamén*)

Todas saen. Queda FUENSANTA; ela bebe o seu leite. Logo sae tamén.

Vaise facendo o escuro. MÚSICA.

ESCENA XXVI

Aparece en escena MONIQUE, en viso. SOR PIEDADE e SOR ADORACIÓN danlle de novo a bata de presa.

fin

VIGO, 23 de Maio do 2008.